

ABALADOIRA

v. PEDRAS DE ABALAR

ABANTUXO

Mal de AIRE provocado polo sangue menstrual da muller que fai que as crianzas caian nun estado doentío caracterizado por febleza, decaimento, relaxamento muscular e mesmo cretinismo.

A crenza de que o sangue menstrual é fonte de impurezas é recorrente en infinidade de culturas. Para certos pobos australianos, o feito dos homes ollaren o sangue feminino supón encanecemento do cabelo e perda de vigor. Noutras culturas as mulleres, durante os días do ciclo, teñen a obriga, baixo pena de morte, de arredarse dos campamentos. En África, os bosquimanos coidan que se unha muller, durante estes días, chegase a ollar os homes, estes ficarían paralisados na posición na que se achasen, mudando finalmente en árbores dotadas da cualidade da fala; ao propio tempo pensan estes pobos que os fatos de gado morrerían se chegasen a tripar unha pinga deste sangue. Algunhas tribos norteamericanas consideran que se unha muller que tivese a regra pasase por diante dun cazador, as balas da escopeta deste desviaríanse sistematicamente e nunca chegarían a atinxir a peza. Na Europa, entre outros, os alemáns e gregos teñen a seguranza que unha muller, nos días de período, posúe a propiedade de, se asistir á matanza do porco, conseguir que a súa carne apodreza, ou a capacidade de producir treboadas. Xa Plinio advertía que o sexo feminino, nestes días, podía mudar, só co seu tacto, o viño en vinagre, inzar as hortas de parásitos ou embazar os espellos. A capacidade receptora dos espellos ponse tamén de manifesto no costume existente na Galiza que consiste en cubrilos inmediatamente despois de se producir unha morte na casa, ao mesmo tempo que se abren as xanelas para deixar que o espírito do morto poida saír sen atrancos. Para a doutrina tradicional do xudaísmo, a muller é causante de certas impurezas, que se transmiten a través do sangue. Na Biblia (Levítico, 15, 19; 15, 31) dise tallantemente: *A muller que teña a menstruación será illada durante sete días e arredaredes os fillos de Israel da súa impureza, para non morreres por culpa dela*. Mesmo hoxe, entre nós, non é infrecuente asignar ás mulleres, nos días do seu ciclo, a capacidade de cortar algunhas salsas e de dificultar actividades culinarias. O sangue da muller posúe, alemparte, certas capacidades de atracción. Así, os homes infieis, ou simplemente os desexados, poden atraerse deitando pingas de sangue no viño tinto que aqueles van beber. A cantidade hase ministrar con moito siso, xa que un exceso pode producir un estado de alleamento definitivo.

Para a súa detección colócase a crianza dentro dunha tinalla chea de auga cun pente, unhas tesoiras e unha moeda de cobre, en canto se pronuncian certas fórmulas. A seguir, cóase a auga e, se aparecer sangue, sábese que é unha muller a causante do abantuxo. Tamén se pode detectar facendo unha mestura de ovo e herba urbaxá que se aplica no ventre da crianza, sendo sinal seguro de presenza da doenza a adquisición de coloración vermella. Ao cabo, outro método consiste en embrullar o neno nunhas follas das chamadas do ara e nunha toalla de damasco, téndoo así durante vintecatro horas. Ao pasar este tempo, a mesma persoa que o embrullou, leva a toalla a un muíño e deita as follas por enriba do cubo. Se o cativo tiver o abantuxo, a toalla ficará con manchas de sangue.

Anónimo (1975: 762); Anónimo (1992: 114); Frazer (1979: 678-82); Liste (1987: 104); Mandianes (1990: 52); Suárez (1979: 54); Taboada Chivite (1974); Talmude Zavim II, 1

ADIVAL

Corda grosa, empregada en diferentes tarefas agrarias, como atar palla ou herba, ou utilizada para a realización de diferentes medidas. En distintos procesos de desencantamento ou de feitizos, a SERPE apréséntase baixo a forma de adival, como ocorre en certas lendas da FONTE PORMÁS.

Ao adival asígnanselle certos poderes extraordinarios, como demostra o feito da súa utilización como AMULETO en diversas circunstancias. No que se refire á súa relación coa serpe, o seguinte relato constitúe un bon exemplo.

Na parroquia de Macenda, no concello de Boiro, un home endiñeirado ordena un día ao seu criado amañar as cousas dado que van facer unha longa viaxe. Mentres o criado fai o que lle mandan, o home colle os seus abondosos cartos, gárdaos, átaos cun adival e, pensando que ninguén o escoita, pronuncia a fórmula

*adival es, culebrón te has de volver
el que de aquí te ha sacar tres besos te ha de dar.*

Ao rematar a frase, ambos dous marchan cara ao porto. Cando o barco está a piques de saír, o criado di que lle esquecera algo e que ten de voltar a terra. Diríxese á horta do seu amo e atopa, con efecto, unha grande serpe. Achégase a ela e bícaa. O ofidio contórcese. Co segundo bico, o ofidio dalle unha aperta como se o fose a esmagar. Ao cabo, co terceiro, muda outra vez en adival. O criado, así, faise rico.

Unha narración d'O Valadouro incide sobre a mesma temática, aínda que nela o adival muda serpe para actuar como dispositivo de seguranza na protección dos escasos cartos dun home que vai percorrer mundo para tentar que medre a súa facenda. Mete os seus poucos cartos nunha arca e ata esta cun adival. Á súa marcha, a casa vaise derrubando e algunhas xentes van alí na procura de pedra. Uns canteiros téntano un día e achan a arca e, ao redor dela, unha cobra que se volve contra eles. Os canteiros bótanlle un can e a serpe devórao, co que os canteiros non voltan a traballar alí. Ao seu regreso, o home comeza a desenrolar a serpe, dándolle un bico por cada volta. Cando remata a tarefa de desenrolo, a cobra mudara adival novamente.

López Cuevillas, Bouza-Brey (1928b, 72-73); Pisón, Lourenzo, Ferreira (1999: 85)

ADIVIÑACIÓN

Conxunto de actos dirixidos ao coñecemento ou predición do futuro. Nestas prácticas adiviñatorias débense disterar procedementos que son coñecidos pola xeneralidade e aqueles outros que precisan da intervención de persoas experientes.

Os procesos de predición do porvir incerto foron constantes a través de toda a historia da Humanidade. Coñécese sobexamente nas mitoloxías clásicas a actividade que practicaba en Delfos -cidade da Fócide, antes chamada Pito, xa que nela Apolo matara á serpente Pitón- unha adiviña, enunciando vaticinios en verso, de natureza ambigua. O mito grego de Tiresias afirma que o adiviño foi home durante un certo período da súa vida e muller noutro. Como se o corpus lendario galego desexase subliñar esta ambigüidade sexual, ao Mestre Mateo coñéceselle tamén polo nome da santa ou SANTIÑA DA MEMORIA.

Xa desde a antigüidade existen mecanismos de predición do futuro, atinxindo o movemento ou caída de CORPOS CELESTES, a observación do RAIÓ, ou o voo de certas aves. Entre os pobos xermanos, sábese que Odín posuía o poder da adiviñación. Esta practica trascende os territorios dos textos mitolóxicos e penetra nos históricos, de tal maneira que no Libro I dos *Comentarios á guerra das Galias*, César refire que as mulleres xermanas adoitaban decidir, por medio da adiviñación, sobre a conveniencia ou non de entrar en batalla, xa que este pobo tiña ás mulleres por boas adiviñas. Plutarco insiste na mesma idea, relatando que a tal adiviñación se verificaba lendo nos remuíños que formaban as augas nos ríos. O *Libro de Daniel* refire como o profeta, no episodio do convite do Rei Baltasar, adiviña o porvir, interpretando unhas palabras misteriosas que unha man escribe na parede. Asiáticos, africanos, ou americanos tentaron, afincadamente, adiantarse ao tempo e pescudar no incerto vindouro.

Na Galiza existen diversos mecanismos de predición do porvir. Así, a clarividencia é a práctica que recae en VEDOIROS, SABIAS e MEIGAS, personaxes que adiviñan de maneira directa, quer por posuíren capacidades especiais, quer por lla inspiraren outros entes como o DEMO, os defuntos, os espíritos, os santos ou certos vivos. No caso de teren dita competencia, poden pesquisar no futuro con éxito sen necesidade de se achar perante deles o obxecto da pescuda, como o proba o caso de certas persoas adiviñaren o porvindouro doutras sen máis necesidade que unha prenda da interesada.

A apantomancia é o mecanismo adiviñador baseado na análise de obxectos achados por acaso. De especial interese son as cousas que se atopan o primeiro día do ano, xa que se acredita na hipótese de que esa data reproduce en certa maneira os trescentos sesenta e catro días que seguen. A tradición galega afirma, ademais, que segundo sexan -do punto de vista meteorolóxico- os doce primeiros días de xaneiro, así serán os doce meses do ano (o día 1 simboliza xaneiro, o 2 febreiro, o 3 marzo e así por diante). Esa mesma tradición aparece no pobo galés, que toma como orixe o día de Nadal: cada un dos doce días que suceden a devandita data representa cada un dos doce meses do ano, de tal maneira que dito dispositivo constituía un calendario que os cidadáns idosos construían con minuciosidade.

Como exemplos dalgunhas predicións que a apantomancia postula, pódese sinalar que causan desgostos ou desgrazas ou constitúen sinais infaustos pisar dúas pallas cruzadas en forma de cruz, a presenza de agullas, a colocación do pan sobre a mesa coa parte de abaixo para arriba, os garfos invertidos, dous coitelos cruzados ou as tesouras abertas. A presenza do golpe ou raposo cando se está en xexún supón a chegada de boa sorte, circunstancia que se invirte se se tratar da femia do animal. Tamén o seu ouveo na noite anuncia morte na freguesía onde se producir o feito.

O tipo de adiviñación baseada na observación dos signos fornecidos pola presenza das aves ou paxaros coñécese polo nome de ornitomancia. Dita práctica consigna que un paxaro pousado nas redes se interpreta como unha boa faena pesqueira por chegar, en canto a presenza da pega implicará que a morte vai acontecer axiña. Entre as aves o CORVO posúe especial relevancia, o mesmo que a curuxa ou o moucho. As dúas, xunto co morcego, que sen ser unha ave se identifica con elas por exercer o voo, destacan pola súa capacidade de emisión de AGOIROS. As presenzas da curuxa e do moucho sinalan o pervagar dunha ÁNIMA ou un falecemento inmediato. É funesto presaxio de morte o canto da galiña imitando o do galo, aínda que dito falecemento se pode evitar matando rapidamente a galiña que executou o canto. O carácter máxico da galiña preta fai que se utilicen as súas feces para a soldaxe de roturas de ósos, entalándoo despois. Nun sentido positivo considérase o CUCO, a andoriña ou a pomba, en canto casos especiais son os que constitúen o PAXARO DA MORTE ou a CABRA DO AR.

Outros pequenos animais son igualmente fontes para o exercicio da adiviñación: as pequenas aveláñas que na noite esvoazan en volta dos puntos luminosos, anuncian a presenza dunha ánima: se son brancas sinalan unha ánima que sae do Purgatorio; se pretas, ánimas que veñen pedir unha oración. Noutros lugares interprétanse as brancas como fornecedoras de boas novas e as pretas de más. As chamadas bolboretas das ánimas, de cor preta e nódoas alaranxadas, considéranse o espírito dunha persoa e anuncian a súa morte. Alén doutros procedementos como a aeromancia (adiviñación mediante a observación do ar), existen dous orixinais mecanismos de predición do vindeiro. O primeiro deles é o que se leva a cabo mediante a utilización dunha PENEIRA. O segundo a que nos referimos é un complexo proceso que ten por finalidade coñecer a envergadura ética dunha persoa. A maneira de proceder é a seguinte: na segunda feira, ás dúas da noite, vaise a unha toxeira, agatúñase á árbore máis torta e colócase nunha póla unha toalla, de tal maneira que os catro cantos se dirixan cara os puntos cardinais. Se a toalla estiver mollada ao seguinte día, é sinal que o individuo é de fiar. Se se quere reafirmar inda máis esta apreciación, embrúllase a toalla en palla e pola noite déitanse sementes na toalla e lévase esta á mesma árbore. Se ao abrente se comproba que viñeron os paxaros e comeron as sementes, sen lixaren a toalla, confirmarase a bondade da persoa. A comprobación definitiva das súas cualidades levarase a cabo por unha derradeira proba: cóllense tres presadas de terra, a primeira nun formigueiro, a segunda nunha encrucillada e a terceira nunha toxeira moi húmida onde haxa bastantes cogumelos dos popularmente coñecidos polo nome de pan de cobra. As tres presadas bótanse nunha bolsa de papel e lévanse á mesma árbore. Se os paxaros veñen, peteiran nel e a terra fica espallada, rebórase definitivamente a honestidade da persoa. Pódense, tamén adiviñar o resultado de certas curacións, mergullando o doente coa camisa nun río, tirándolle a seguir a camisa e deixando que a corrente a leve. Se a camisa aboiar, é sinal de que terá lugar a curación. Se afunde, apresetanse perspectivas celobres para o doente.

Ao redor da NOITE de san Xoan e da correspondente elaboración de cacharelas se realizan diversos procesos adiviñatorios. O feito de as mozas saltaren por enriba da fogueira, sen os seus pés tocaren o lume, interprétase como un sinal de casamento no ano que segue á acción. Noutras ocasións, o acto de saltar por enriba da fogueira supuña un intento de coacción sobre o porvir, xa que se cría que saltando nove veces por enriba da fogueira habíase de apresar o casamento. O

berro ritual máis empregado é o de *salto por riba do lume de San Xoán, pra que non me trabe nin cobra, nin can*. O día de san Xoan é, igualmente, tempo axeitado para a adiviñación do porvir: certos santos, entre os que sobrancea santo André de Teixido, son específicos para axudar á procura de noivo. Se se deixar dentro dunha cunca de auga unha xema de ovo, poderase adiviñar o vindouro, analisando a forma que a xema adquiriu no percurso da noite: se a xema coller forma rectangular, interprétase como unha abstracción dun cadaleito, implicando unha morte próxima na familia; se aparecer unha forma de barco, será signo de viaxe ou próximo casamento con mariñeiro; se a figura da Virxe, sorte favorábel; martelo, casamento con home carpinteiro; igrexa, morte ou voda. Tamén neste día a muller solteira que chega a tocar as ligas da casada ten garantido casar dentro do ano que anda.

O río Miño era empregado en diferentes prácticas curativas e adiviñatorias. Para adiviñar o percurso das doenzas dos nenos acostumábase deitar no río unha cestiña coas roupas do miúdo, enriba das cales se puña unha vela acesa e agardar que a corrente a levase. Se a vela ficaba sen apagar até perderse de vista, era sinal de que a crianza habería vivir. Se, en troques, a vela esmorecía, era agoiro de morte. Tamén se levaban a cabo deducións semellantes botando ao río unha camisa que, segundo aboiaise ou afundise, comunicaba morte ou vida.

Outros mecanismos de adiviñación baseáanse na interpretación dos signos que emiten algúns CORPOS CELESTES ou na tradicionalmente coñecida polo nome da PROBA DAS TRES XUNCAS.

Alonso, E. (1980: 17); Anónimo (1992: 1257-8); Bouza-Brey (1982, I: 21); Caio Xulio César (1992: 37); Carré Aldao (s. d.: 93); Folgar Crestar (1975: 290-1); Grimal (1973: 50); Kieckhefer (1992: 33); Mandianes (1990: 43); Mariño Ferro (1998: 35); Owen (1997: 64); Risco (1979: 480-7); Rodríguez López (1974: 112-13); Sechi (1993: 72); Taboada Chivite 1947: 38)

AFILLADO DO DEMO Relato tradicional que pon de manifesto os perigos que o DEMO pode fornecer, ao tempo que salienta a posibilidade real de un humano enganalo.

A narración explana que un casal non consegue ter descendencia duradoira, posto que os dous primeiros fillos que esperan, falecen ao nacer. Cando a muller fica grávida por terceira vez, marido e muller, en compañía dunha viciña, diríxense a unha ENCRUCILLADA onde van realizar o BAUTISMO ANTECIPADO. Despois dos diferentes preparativos, agardan a que chegue a persoa que fará de padriño. Pouco antes da doce da noite chega un cabaleiro, a quen o pai convida a realizar o bautizo. Cando se dispón a cumprir coa súa obriga, os presentes decátanse de que o home é toco da súa man dereita, polo que se ve na obriga de desenvolver o ritual coa esquerda, que é a man do diabo. Molla a esquerda en auga e fai a cruz de maneira defectuosa sobre o ventre da nai. Toda esta serie de actos configuran unha situación de mau AGOIRO. Ao procederen ao xantar, o cabaleiro reparte pan e viño a todos os presentes agás á nai.

Ao chegar a data sinalada, malia os receos que a nai vai acumulando, nace a crianza, que é un meniño fermoso e san, con grande intelixencia e habelencia manual, cousas todas elas que esvaen as dúbidas dos proxenitores. Co percurso do tempo, decide ir percorrer mundo. Un día pasa a carón dun muíño e olla uns mozotes que se están a bañar. Algúns deles non ousan mergullarse no lugar onde as augas son máis fondas, o cal fai que o protagonista da historia comece a se mocar deles. Os mozos dinlle se el é quen de facelo. Acepta o reto, saíndo con éxito da empresa. Un dos mozos, embora, decátase de que ten na espádua unha nódoa con pelos e berra dicindo que é lóxico que poida facer tales cousas, xa que é afillado do demo.

Apouvigado, o rapaz vai falar co abade e refírelle o acontecido. O crego albisca a dificultade da situación e mándalle levar a cabo unha dura tarefa, concretada na realización de sete romaxes, na alimentación baseada en auga e algunha codia de pan, na oración sistemática, na durmida no chan, no exercicio reiterado da esmola, no socorro con esa mesma esmola a quen estiver máis necesitado e misarento que el e na asistencia ás misas que se digan en todas as igrexas que xurdan no seu camiño, así como na abstinencia de tocar a nódoa das súas costas, avisándoo de que, se non cumpre estritamente o aconsellado, a súa alma ha levala o Diabo. Ao cabo, o abade infórmao de que se achará a salvo o día no que desapareza a nódoa das súas costas. Se así non for, ficará condenado para a eternidade.

O mozo comeza a súa difícil singradura na vida. Segue estritamente os consellos do crego, até que chega un día no que atopa un vello que, o mesmo que el, anda como esmolante e precisa

axuda. Despois da darlla o mozo, cóntalle o seu segredo, ao tempo que o fai parceiro da súa angustia perante a hipótese de morrer coa nodoa na súa espadua o que sería sinal de condena eterna. O vello confésalle que ten poderes que están fóra do alzanzo humano e que pode conceder aquilo que lle pidan. Entón, o raparigo, pensando que se trata de San Pedro, solicita cen anos máis de vida, pensando que nun período tan amplo terá verificado méritos abondos para a nódoa esvaeecer. O vello concédelle a súa petición, máis engade que, pasado ese tempo haberá de ir onde el. O mozo albisca o perigo e decide solicitar algunha petición máis. O vello di que poderá concederlle até tres. O rapaz, solerte, solicita unha mesa da que ninguén poida erguerse sen a licenza que só el conceda, unha figueira da que ninguén poida baixar sen o seu permiso e un saco que se comporte de maneira semellante á mesa e a figueira. O vello, que é o Demo, concede todos os pedimentos.

Pasados os cen anos convidados, o Demo manda un diabo subordinado na procura do home, agora xa idoso. Ao chegar ao seu destino o home dille ao enviado que sente na mesa para comeren un bocadiño de calquera cousa. Así o fai o enviado do Demo, atopando que lle resulta imposible abandonar, malia o tentar, o asentado. Ao cabo o vello dá o seu consentimento, ordenándolle ao mensaxeiro que marche na procura do seu amo. O Demo envía un segundo axudante que, convidado polo home a coller uns figos para a viaxe, sofre idéntica sorte. Ao cabo, é o mesmo Demo quen vai buscar o mozo, xa convertido en vello. Este, raposeiro, recébeo coas mans abertas e xesto de ledicia, ao tempo que lle conta que conseguiu capturar a San Pedro co saco que un día recibira. Móstralle o saco e cando o Demo olla no seu interior, o afillado empúrrao para dentro, fécchao enérxicamente e con el ao lombo marcha até a forxa do ferreiro, onde pide a este que bata naquel vulto que, segundo di, é la tesa e compacta. O Demo apaña unha enorme malleira, até que, derreado, comprométese a non levar o home e a deixalo en sosego até o fin dos seus días, liberándose este, así, das gadoupas do Escuro.

Mariño Ferro (1996a: 98-102)

AGOIRO

Presaxio ou vaticinio de acontecemento futuro. Crenza na capacidade predictiva de palabras escoitadas ou signos presenciados en certas datas ou períodos significativos, como a noite de San Xoán, ou en momentos corriqueiros. Tamén se identifica baixo o mesmo nome, a visión ou aparición nocturna que acompaña a camiñantes ou a interpretación de sinais emitidos pola contorna en sentido de boa ou má sorte futura, vencellados, por tanto ás PREMONICIÓNS DE MORTE.

Os agoiros pódense agrupar en tres grandes grupos: feitos anómalos ou inusuais, comportamentos protagonizados por animais (ou a propia presenza do animal) e actos desenvolvidos no ámbito cotián. Así, son símbolos de mau agoiro algúns que teñen a ver con manifestacións cósmicas, como a visión de estrelas erradías que, ás veces, como acontece con certos aerólitos, se interpretan como un ÁNIMA en pena. Canto os eclipses, cómpre dicir que provocaron temor ao longo da historia, existindo autores que sosteñen que este fenómeno celeste, máis en concreto o de Lúa, tívose por mau agoiro en tempos anteriores á primeira dinastía babilónica, quer dicirse, hai uns 3.700 anos. O pobo galego partillou estes medos e, por iso, cando acontece un eclipse non se deben recoller legumes. Se o gado pastou mentres se producía a eclipse non se debe beber o seu leite, xa que se considera daniño.

Unha renque de signos procedentes de animais, como os seus cantos, uívos, brados ou gaceos constitúen agoiros. Así ocorre que as galiñas -imitando o canto do galo- ou o can, prognostican a morte dun ser humano, cousa que tamén anuncian certas aves coñecidas como pernileiros, que repiten o berro *morrer, morrer!*, aspecto que os achega notabelmente ao PAXARO DA MORTE. Porén, no caso das galiñas, pódese contrarrestar o efecto agoirento, mediante a recitación da seguinte fórmula:

*Se é fada, por ti vaia
se é perda, por ti veña*

Resulta igualmente un bo antídoto o feito de matar a propia galiña que emitise tal canto xa que, desta maneira, o mal que podería recair sobre o humano recairá sobre o animal. Interpretase, ademais, que o movemento da cauda dun can, ao mesmo tempo que ouvea, sinala o

lugar no que se acha a persoa que vai falecer. O carácter agoirento deste animal sublíñase coa súa cor, de tal maneira que se é preto a súa simples presenza profetiza a morte. Pola contra, a crenza na existencia do can branco, que vadía na noite e olla para as xentes con tristura, resulta un bo agoiro. O corvo, pola súa parte, presenta un carácter dual, xa que, ao carón da súa faceta de ave de mau agoiro, mostra a capacidade positiva de ser unha axuda habelenciosa na descuberta de tesouros. Esa característica dupla aparece tamén no raposo cuxa visión en xexún é de bo agoiro, en canto que o seu ouveo nocturno é sinal de morte. Outras aves, como o moucho ou a curuxa - que, ás veces non son máis que un ANANO baixo aparencia de ave- ventan co seu grasnar un falecemento, premonición que toma corpo ccoa presenza dunha pega. Igualmente é sinal de morte a viciñanza dunha ánima. Xustamente, o lugar no que se achan as ánimas vén simbolizado pola cor das avelaiñas: as negras representan ánimas necesitadas de oracións; as brancas as que xa abandonaron o Purgatorio. Constitúe tamén un agoiro de morte o canto dun grilo no fogar, existindo puntos de vista diferentes sobre esta circunstancia. Certas zonas acreditan que só transmiten agoiros de morte os cantos procedentes de grilos instalados no fogar de maneira espontánea, ficando excluídos, polo tanto, os cantos emitidos polo insecto que as crianzas levaron á vivenda. Noutras partes, embora, crese que en calquera caso o canto enuncia porvires celobres. No que se refire ao mundo vexetal, os estoupidos que produce a leña verde ao arder interprétanse como agoiro de vento ou tempestade.

Pertencentes a territorios que non son o mundo zoolóxico ou botánico, e presentes na cotidianidade, existen outro tipo de signos: en certas bisbarras, durante o tempo de Nadal, tentábase que o lume non esmorecese, xa que, se así acontecer, teríase este feito por agoiro de ma sorte. Son tamén agoiros de morte a confusión de persoas, a extinción de candeas nun funeral, a percepción de prantos ou asobíos, o aparecemento dun grande resplendor ao redor ou enriba dunha casa, así como o bater de tambores, o espallamento de cheiros que denotan a presenza de materiais oleaxinosos, como a cera ou o aceite, a reunión de trece comensais ao redor dunha mesa –cerimonia que terá como resultado o falecemento da persoa máis nova dos comensais- a rotación de obxectos como sillas, parachuvas ou bandexas no interior do fogar, o encontro inesperado dun enterro na rúa, o espichamento dunha tesoura ao cair no chan, o percurso, na vivenda, dunha luz azulina e opaca, os balbordos estrondosos e inexplicábeis ocorridos na noite ou a emisión de certos rúidos ou sons, feito ao que en Cedeira chaman *semudanza*.

Outro tipo de agoiros concretos constitúeno a presenza de MARIÑOS, a do TRASNO en certas ocasións, a do URCO ou o nacemento do sétimo ou noveno fillo, ou filla, dunha serie de irmáns consecutivos de idéntico sexo, que desembocará na manifestación do corredor ou do LOBISHOME.

Becoña (1982: 9-15); Rodríguez González (1958: 84); Rodríguez López (1974: 113-4); Whitrow (1990: 49)

AIMIRGIN

Bardo galego, descendente de ITH e de BREGÁN, que atesoura capacidades excepcionais e cuxo nome aparece tamén grafado baixo as formas Armegin, Amergin, Amirgin, Aairgen e Aairxen. Símbolo do pensamento e da poesía, participa na expedición a Irlanda, para vingar a morte de Ith, o avó de Mil -ou Miled-. Aimirgin será quen baptice a illa co nome de Eirin, denominación que toma da muller que lles anuncia que a chegada dos guerreiros galegos está predita desde tempos recuados. Será el mesmo quen anuncie que avanzarán por riba das NOVE ONDAS e quen esconxure, nuns fermosos versos, os ventos amaldizoados pola tribo meiga dos Tuatha De Danann contra as naves brigantinas:

*Eu invoco a terra de Irlanda
Moi sucado sexa o fértil mar,
Fértil sexa a montaña cuberta de froitos,
Coberta de froitos sexa a chuvosa selva,
Chuvioso sexa o río de cadoiros,
De cadoiros sexa o lago de fondo leito
De fondo leito sexa o recinto do cume do outeiro,
Un recinto de tribos sexa a asemblea,
Unha asemblea de reis sexa Temair,*

*Temair sexa un outeiro das tribos,
As tribos dos fillos de Mil,
De Mil, o dos navíos, as cortizas
Que a alta cortiza sexa Irlanda,
Alta Irlanda, escuramente [cantada]
Unha feitizaría de gran solercia,
A grande solercia das mulleres de Bres,
As mulleres de Bres, de Buaigne
A grande dona Irlanda
Eremon conquistouna,
Ir, Eber, apelidaron por ela.
Eu invoco a terra de Irlanda.*

Nesta expedición a Irlanda, malia a derrota dos Tuatha de Danann, falece a súa muller, Scene a satírica, e Aimirgin decide por o nome da súa amada ao lugar onde aporten as naus e, por iso, Inbher Scene toma a denominación pola que se lle coñece. Outras mulleres morreran en dita expedición: Fial, a dona do seu tío Lughaid, Buan, cónxuxe de Bile, Dil, consorte de Donn, así como as mulleres de Ir e de Muirthemme.

A Aimirgin débese tamén a rapsodia:

*Eu son o vento do mar.
Eu son unha onda no océano.
Eu son o balbordo do mar.
Eu son un poderoso boi.
Eu son un falcón no penedo.
Eu son unha pinga de orvallo na clareza do sol.
Eu son
Eu son un porco bravo de valor.
Eu son un salmón na lagoa.
Eu son un lago nunha chaira
Eu son a forza da arte.
Eu son unha lanza con despoxos que inspira batalla.
Eu son un home que fai lume por unha testa.*

Aimirgin será igualmente quen interceda na liorta polo reinado entre Eremon e Eber, repartíndose o norte da illa de Irlanda para Eremon e o sul para Emer. Así é todo, algún tempo máis tarde as rivalidades entre ambos irmáns agromaron de novo, situación que tivo como desfecho unha nova guerra, na que Eber falece e Eremon resulta proclamado único rei da Irlanda.

Certas fontes subliñan que algunha estrofa do canto de Aimirgin fai referencia ao lugar onde se oculta o sol occidental. O recitado poético vai ter como consecuencia a troca de Irlanda nunha illa úbere, no canto do arrepianter territorio no que as artes máxicas dos Tuatha de Danann a tiñan mergullado, perfilando desta maneira o futuro irlandés como a terra no que a morte resulta un elemento alleo.

Anónimo (1931: 209-10); Rodríguez González (1958: 143); Rolleston (2000: 113, 125); Sainero (2008: 59-64)

AIRE

Doenza, ou conxunto delas, de percepción concreta, inda que de orixes misteriosas.

As denominacións que toma son variadas e numerosas, contándose por enriba dunha corentena, entre os que se poden subliñar como máis corriqueiros os de arangaño, asombramento, colleitizo, enganido, mal do aire, orvallo ou tangaraño, así como o de ar en Portugal. Os alicerces da doenza supóñense procedentes de certas emanacións, ares ou exhalacións que poden producir, e de feito producen, os animais, os humanos, certos obxectos ou os astros. No caso dos animais, o contaxio prodúcese por contacto directo, por recepción do ronsel pezoñento que deitan estes animais polos lugares que pasan, ou por entrar en contacto

con roupas, quer interior, quer de cama, que, na súa exposición nos campos, durante a súa secaxe, inzaron os animais devanditos. Por iso cómpre, como medida de protección, pasar sempre estas roupas por enriba do lume, ou do ferro, antes de polas. Ás veces o mal de ar chega mesmo a se identificar co MAL DE OLLO, como o demostra o feito de que os esconxuros que se acostuman empregar usen case simultaneamente os termos mal de ar e mal de ollo, existindo, mesmo, o ar de má vista.

Os síntomas que acompañan esta doenza poden ser de tres tipos. En primeiro lugar unha renque deles son de xorne física, definidos por un estado xeral de enfeblecemento, prostración e falta de fame, aparecendo os nenos (suxeitos centrais de sufrimento de ares) que teñen a doenza mirrados e engurrados nas virillas. Un segundo apartado fica constituído por enfermidades da pel, como descamacións ou erupcións cutáneas. Derradeiramente, un terceiro grupo -xerado, en realidade, pola imposibilidade de clasificación nos dous anteriores- vén relacionado con doenzas que atinxen a nenos e persoas idosas e aos mundos da psique, podendo sinalarse a neurastenia, dores de cabeza, falta de sono e algunhas outras manifestacións malsás. Os causantes desta doenza son desemeillantes, inda que poden clasificarse cinco grupos capaces de a xeraren.

O primeiro, consecuentemente co pensamento que dá por certo que os seres da escala zoolóxica posúen certas capacidades extraordinarias, está composto por animais, sendo os mais sobranceiros os aires de ALACRÁN, ARAÑA, boi, can, cascuda, DONIÑA, gato, lagarta, LAGARTO, lesma, mosca, raposa, rata, SALAMÁNTIGA, SAPO, SERPE, toupeira, vaca ou VACALOURA. Ás veces, a doenza fica particularizada a condicións específicas do correspondente animal, téndose entón ares como animal noxento, cadela parida, can doente, galiña choca, gata ás xaneiras, gata parida, gata preñada ou rata deshonestas.

Outro apartado compóñeno os astros, podendo sinalarse como axentes responsábeis da adquisición dun aire, a Lúa, o Sol e a Terra, este último adquirido por estar a traballar no campo e, por dito motivo, identificado posibelmente co aire da toupeira.

O terceiro grupo é o que constitúen algúns obxectos ou lugares, pagando a pena nomear os aires de camiño, camposanto, corredor, ENCRUCILLADA, fiestra, mar, SARTEGO, porta ou vasoira. O de encrucillada ten especial relevo se ao pasar por este lugar a persoa é mirada por alguén que a quere mal.

O cuarto vén determinado por persoas mortas, salientando os aires de cadáver recén falecido, condenado, defunto, Estadea ou excomungado morto.

O quinto e derradeiro grupo fica constituído por persoas vivas, sinalándose entre elas os aires de cristián, doncela, excomungado, ma muller, muller menstruando, muller non virxe, muller, pai despois de xacer coa nai, persoa invexosa ou xudeu. No caso particular de que a muller estea menstruando, a doenza coñécese polo nome de ABANTUXO.

Unha fórmula que dá idea dos innúmeros males coñecidos é a seguinte (reproducida por Lis Quibén alternando español e galego, transcríbese integramente no noso idioma) que permite unha curación globalizada dunha renque de aires:

Esta santísima virtude que ten este santísimo rosario, córtache o "Aire", Deus cho corte; sexa de sol, sexa de lúa, sexa de becho, sexa de bechara, sexa de mar, sexa de terra, sexa de pauto, sexa de invexa, sexa de excomungado, sexa de morto, sexa de cristián, pola gracia de Deus e a Virxe María, corta o cobro, mau oficio, "Aire" mau, a invexa fai mal na Bruxaría, un Pai Noso ao santo ou santa do día, se a Virxe naceu Virxe co Señor verniego (sic), con toda Bruxaría, pola divina gracia da santa cruz. "Aire" de vivos, "Aire" de mortos, "Aire" de excomungado, arrenégote, vaite aos infernos, fulano de tal, tírache esta data con esta ollada, con esta aireada, pola gracia de Deus e a Virxe María; se cha deron ao mediodía, que cha tire a Virxe María, se cha deron á tarde, que cha tire a Virxe do Carme. Por aquí pasou Cristo antes que o teu mal fora visto, viva Cristo e morra o teu mal visto.

En xeral, os métodos de diagnose do mal do aire consisten no lavado do neno doente, a quen se lle embrulla nunha toalla, lugar onde fican restos que delatan a orixe da doenza. Así, se fican pelos ou penas, dedúcese que son gatos ou galiñas as causantes do mal. Se non fose así, é un vivo quen causa a enfermidade. Os lavados presentan formas variadas, dende os que se executan con augas de fontes vizosas e que nunca estiñan, aos que se fan con augas que pasaran por sete muíños e, ás veces, as augas resultantes do lavado da roupa déitanse nunha encrucillada.

Empréganse igualmente augas ás que se lles engadiu cinza, follas de carballo cerquiño ou o licorno, corno de vacaloura ou de ALICORNIO.

Existen, como se sinalou, métodos que teñen como obxectivo acadar unha representación física dos causantes do mal. Un exemplo disto dáse cando se guinda contra o chan, escachándoo, o recipiente onde se lavou o miúdo doente. Nesta conxuntura aparece no fondo da vasilla a figura do animal que xerou a enfermidade. Tamén pode chegar a verse a verdadeira efíxie do responsábel despois de enfnar nove bicas e colocar o neno perante un recipiente revestido de breu. En ocasións detéctase a doenza porque os nenos choran imitando o miañar dos gatos.

Para detectar outro tipo de aires, nomeadamente aqueles causados por obxectos, resulta eficaz remedio pór no pescozo do doente unha estola, e enriba do seu ventre un rosario e a CRUZ DE CARAVACA, recitando conxuros no que se nomeen as palabras encrucillada, fiestra, porta e sartego. Se o aqueixado posúe un destes catro ares, cando sexa pronunciada a palabra correspondente, abrirá a boca.

Resulta extraordinariamente variado o conxunto de estratexias dirixidas á curación dos diferentes ares. É crenza xeral o recoñecemento das dificultades inherentes á cura do colleitizo, aínda que, tamén, a potencia dos métodos empregados no seu combate. Desta maneira, para combater os ares xerados por animais empréganse produtos vexetais. Prácticas habituais son a realización de cruces con dentes de allo nas zonas afectadas, as pancadas con pólas de fiúncho sobre estas mesmas zonas ou o abenzoamento con pólas de pirixel molladas en vinagre. Outros métodos revisten características máis expeditivas. Así, se se supón un gato ser o causante da enfermidade, procúrase apañar un gato semellante, ao que se soterrará vivo, coa cabeza fóra, até conseguir que morra de fame. Esta morte por fame atínxese, noutras zonas, deixándoo pendurado dunha árbore. Cando se produce a morte do felino, o doente recobra a saúde. Tamén se poden acadar resultados notábeis queimando unha salamántiga e botando a cinza resultante enriba da parte afectada. Un método, moi común, consiste en deitar enriba da zona danada cinza quente. Ao mesmo tempo, méteselle lume a un talo de xesta e, tentando que non faga brasa, farase unha cruz sobre a cinza, ao tempo que se recitan as palabras:

*Atizo, cuchizo, ¿que ves aquí buscar?
Con este tizón de xesta téñote que cruzar:
con cinza da lareira e leña de lar.*

Este rito, repetido ao longo de nove días, conduce á curación do doente. Ás veces, a fórmula empregada adquire a seguinte forma:

*Se es de araña, vaite á paraña;
se es de sapo, vaite arrasto;
se es de cobra, vaite á groba;
se es de salamántiga, vaite á barranca,
polo poder de Deus e da Virxe María.*

Para os aires de astros é común facer cruces sobre o doente nove veces diarias durante nove días. Ao rematar esta xeira, lávase a zona doente cun caldo feito con viño, loureiro, romeu e cinco flores de toxo virxe, o cal implica que este remedio só pode levarse a cabo na época do ano na que esta planta está a florir. Recítanse diferentes ensalmos.

Para os aires de obxectos ou lugares daremos unha mostra do tratamento do aire de encrucillada. En xeral, considérase que os meniños que tardan en andar están afectados por este aire. Para remedialo, átanselle ao neno as pernas cunha corda ou lazo e lévano ás doce da noite -nalgúns lugares, escasos, ás doce do día- a unha encrucillada de dous ou catro camiños. Alí agárdase -segundo rexións- pola primeira persoa, polo primeiro home ou polo primeiro descoñecido e pídeselle que corte cunhas tesoiras, ou coitelo, ou machada, que se han levar, os ligames que atan ao rapaz. A fórmula é:

*Homiño que ves de ventura
desenquerquélame esta criatura.*

O recién chegado acepta e, por un coñecido proceso máxico de asimilación, ao se cortaren os ligames, o neno bota a andar. Noutras ocasións, son tres mulleres de nome María as que interveñen no proceso de curación, empregando unha palangana con auga e loureiro, que se pon no lume e que, despois, se deita nunha encrucillada. O escultor Xosé Gabriel Eiroa (1892-1935) protagonizou unha destas cerimoniais en Compostela, na encrucillada formada polas rúas da Algalia de Arriba e das Rodas.

Unha persoa contrae o aire xerado por defuntos, tamén chamado aire de morto, normalmente polo feito de asistir unha muller preñada a un velorio, ou tamén por pórse a futura nai ollando cara ao lugar onde o sol se deita. Para este tipo de aires resulta boa escolla, entre outras, apañar unha póla de loureiro e meterlle lume. Cómpre sinalar que esta planta debeu recollerse, quer no adro da igrexa, quer nun lugar polo que tivese pasado o Viático. Cando comeza a botar fume, pásase á crianza por enriba deste, recitando as frases:

*Loureiro que fostes nado
e non fostes trasplantedo
quita o aire de morto
e o de excomungado.*

Estapráctica posúe unha variante, para curar o mal de ollo adquirido por unha crianza, que consiste en queimar cepas de uva branca nunha TELLA virxe, onde se deitará, despois de comezada a ignición, loureiro tamén virxe. Sobre este fume dúas mulleres pasan a crianza, dunha a outra, recitando cunha lixeira variación (*quíttalle o aire de morto/e dalle o de vivo/e non sea escomungado*) a fórmula anterior. Haberase de repetir este acto nove veces e, ao rematar, embrullarase a crianza nunha manta de estrea. A seguir, agárdase que a pequena fogueira se consuma, apañando entón a cinza, peneirándoa e deitándoa en auga fervida. Co líquido resultante fanse nove partes coas que se mollará a crianza, comezando polos pés. Finalizado o rito, sécase o miúdo e coase a auga. Nela pódese ver, moitas veces, un cabelo, en xeral de muller ou de gato. Desta maneira coñécese quen foi o causante da doenza.

Tamén resulta eficaz levar o meniño de noite ao camposanto e pedir ao morto que se sospeita responsábel do aire a retirada deste ao cativo. Noutras zonas dan tres voltas ao redor da sepultura, ao tempo que fan unha promesa ao defunto. Logo ispen o miúdo perante a entrada principal da igrexa, facéndolle o sinal da cruz tres veces e trocándolle a roupa por outra limpa. Esta roupa hase deixar nun lugar onde non sexa posíbel que, no caso de que alguén a ache, sexa recoñecida a súa procedencia. A volta ao fogar realízase por un camiño diferente ao da ida. Xa na vivenda, tíraselle ao neno a roupa limpa, que se afuma durante un treito de vintecatro horas. Ao cabo deste tempo, esparéxese sobre ela auga bieita e, cando se cumpra a promesa que lle fixeron ao morto, gárdase definitivamente, despois de lavala, como obxecto bieito. En certas zonas das bisbarras de Caldas de Reis ou Padrón curan o aire de morto levando a crianza ao sartego do CORPO SANTO de Iria, en Padrón. Nese lugar pasaban a noite, ficando a crianza deitada enriba do sartego e embrullada nunha manta, mentres, de cando en vez, algún parente molláballe a face, empregando unhas follas a maneira de hisopo.

Sen precisar a idade do doente ao que se dirixe o proceso curativo, tense descrito o ritual para curación do aire de morto na Eira da Pedra, situada no Monte do Moucho, istmo unido ao monte d'O Pindo, realizándose o rito, como noutros lugares, de noite ou á noiteña. Alí procedíase, ou procédese, a esta curación tracexando un círculo cunha TELLA virxe -que nunca se usara- sobre a eira. Despois sobre a propia tella méteselle lume a unha mistura de plantas, entre as que se achan loureiro e poexo. Por enriba dese lume cómpre pasar un total de nove veces, distribuídos durante tres días consecutivos, de tal maneira que se pasen catro veces o primeiro día, tres o segundo e dous o terceiro, ao tempo que a persoa sobre a que repousa a condución da cerimonia -en xeral, unha muller idosa- recita a seguinte fórmula:

*Defuntos todos cantos hai enterrados nestes santos templos, de fóra e de dentro,
de mares e de terra, montes e fontes de sete leguas nun contorno, anxiños todos, o
vivo dá rspiro e o morto dá conforto, e dádella collendo e dádella pronto porque
este individuo está padecendo. Coa axuda de Deus ...*

e a seguir:

Por encima desta tella catro veces hai que pasar, aire de vivo, aire de morto, para que nunca máis nesta casa podas entrar.

Coa ritualidade do número nove presente e para curar o mal de aire producido por vivos, mortos ou excomungados, recolleuse na illa de Ons unha interesante cerimonia. Dito rito levábase a cabo só en noites de Lúa chea. Para realizáreno, as mulleres baixaban descalzas á beira do mar, nun momento de maré crecente, a apañaren a variedade de alga coñecida polo nome de verdello. Despois de apañada a cantidade que, a esmo, tiñan por abonda, facían, colocándose de costas ao mar, con ditas algas dezaoito bólas. Nove colocábanas á súa dereita e outras nove á esquerda. As da dereita íanas botando por enriba da cabeza -ficando sempre de costas ao mar- procurando que cada unha das bólas fose bañada por unha onda diferente. As da esquerda levábanas para o fogar, onde, despois de prensadas, escorridas e atadas, colocábanse enriba da lareira, para que o fume as fose secando. O ritual prolongábase durante nove días, acreditándose que segundo as bolas de algas ían secando tamén secaba a persoa causante do mal ou o espírito que ocupaba o corpo do doente.

Para os aires causados por persoas vivas, pódese pór como exemplo o caso de que sexa muller non virxe a causante. Tres mulleres de nome María levan o neno a unha casa que non sexa a súa. Providas de pan e viño, póñense na cociña formando un triángulo, perto dunha artesa, e pronuncian o recitado ritual:

- *Toma, María*
- *¿Que me das aí?*
- *O Enganido*
- *O Enganido non cho quero, que quero a (nome do doente)*

Acto que se repite nove veces. Ao rematar, trocan a roupa por outra limpa e cada muller dá coa cabeza do meniño tres veces na artesa, pasándoo tamén tres veces por debaixo deste moble. A seguir, quéimase a roupa antiga. Feito isto dan un anaco de pan a un can e comen elas o resto, bebendo, asemade, o viño. A casa deben abandonala por porta diferente á que utilizaron para entrar.

Finalmente, para evitar os ares utilízanse diferentes métodos, entre os que cómpre sinalar a incineración de follas de loureiro para evitar o ar de defunto, o afumado da roupa interior como prevención contra os ares comunicados pola SALAMÁNTIGA ou o SAPO, ou o emprego de diferentes AMULETOS, como a BULSA DOS ADOBÍOS, a FIGA, unha figura de SAPO que se leva atada no pulso, un corno de VACALOURA, un dente de ALLO, unha vasoira invertida ou unha ferradura cravada na parte exterior da porta de acceso á vivenda. En opinión de Víctor Lis, porén, o pobo está convencido de que as armas das que dispón contra a doenza son cativas e que a adquisición da mesma termina por se producir dunha maneira que obedece á fatalidade.

No adro -lugar revestido de sacralidade- da igrexa de San Salvador de Saiáns, das catro oliveiras que existían antigamente hoxe fican aínda tres en pé. Este lugar adoita empregarse para levar a curación do mal de aire coñecido como enganido ou tangaraño. No viciño concello de Campo Lameiro, na parroquia de Couso, situada a uns catro quilómetros en liña recta de Saiáns, existía unha oliveira na que se realizaba unha práctica semellante e a cal mandou deitar o cura párroco por ter o costume como conduta pagá.

O rito seguido nas oliveiras de Saiáns hase verificar ás doce da noite -pola hora solar-, en tempo de plenilunio, cando, segundo a crenza, a Lúa vai collendo forza e, xa que logo, é benfacexa, e en día da semana que cadre, nomeadamente en xoves ou en sábado. Cando concorran estas circunstancias, diríxense ao adro da igrexa dúas mulleres e dous homes, achegados á familia do doente. É importante saír da casa con tempo abondo, de tal maneira que fique garantida a presenza no lugar ás doce da noite, xa que este é o momento estrito no que ha comezar o ritual; resulta ademais imprescindíbel que se verifique só unha práctica, o cal -atendendo a que existen tres oliveiras- apunta ao feito de que se precisa unha situación de pureza que non atranque o evoluir da curación. Unha das mulleres será a que leve no colo a crianza que ten o aire.

O camiño até a igrexa, o mesmo que acontece noutras situacións, haberase de percorrer no máis completo silencio. Unha vez chegado o grupo a carón das oliveiras, e mal dadas as doce, a

muller que leva o doente colócao en posición horizontal, de maneira que a planta do seu pé descalzo apoie no tronco dunha das oliveiras. A seguir, os homes sinalan na árbore cunha navalla, cun anaco de xiz ou con outra ferramenta ou obxecto o contorno do pé e con navallas ou trenchas tiran o anaco de casca que tripou a criatura. Ao propio tempo, a muller que levou a crianza no seu colo, cédea á outra, que será a responsábel de levar o miúdo na tornada. Cando se produce este troco, haberase recitar -mentalmente para non rachar o tabú do silencio- unha pregaría na que se pide, á Nosa Señoriña, a curación do enganido

*Nosa Señoriña,
sácalle o enganido a este meniño,
sexa de morto, sexa de vivo.
Por la gracia de Dios
y de la Virgen María,
un Padrenuestro
y un Ave María*

Decontado, e sempre en silencio, as catro persoas marchan para o fogar co anaco de casca recortado da árbore. O percorrido de volta haberase de facer por unha rota diferente da primeira, de tal maneira que nin sequera exista a posibilidade de cruzar o camiño que levou do fogar ao adro da igrexa. Tamén, supondo que a casa teña dúas portas, hase entrar por unha porta diferente da que se saíu. No caso de non acontecer esta circunstancia, haberase de entrar ou saír utilizando unha xanela, de tal maneira que non exista posibilidade de cruzamento entre o roteiro de ida e o de volta, proceso de simbolización que implica a non repetición, a escolla dun novo rumbo. Chegados ao fogar, pendúrase o anaco de casca de oliveira enriba da lareira, para que, cos fumes da mesma, vaia secando. Neste momento xa se pode romper o silencio ritual. Segundo vai secando o anaco de árbore, así irá secando o enganido do miúdo, até chegar á súa completa curación. Débese sinalar que o tabú do silencio, tan normado neste ritual, é unha práctica antiga, como o demostra a súa esixencia en cerimoniais medievais, nas que se recomenda facer o camiño en silencio, despois de certos ritos encamiñados a sandar doenzas.

No seu traballo sobre este ritual, Fuentes Alende sinala que algunhas informacións subliñan o feito de este proceso non ser efectivo cando se tratar de aire de defunto. Neste caso, débese comezar a cerimonia no cemiterio, recitando o seguinte ensalmo:

*Defuntiños todos
quitádelle o aire de morto a este meniño.
Dádelle o de vivo,
que co de morto non me conforto
e o de vivo dalle o suspiro.*

continuando o rito nas oliveiras como no caso anterior.

Cómpre salientar que, malia existir no lugar tres oliveiras, o que posibilitaría a práctica de curacións simultáneas, a tradición esixe que só se pode levar a cabo unha única cerimonia en cada noite.

Por procedemento semellante, na viciña parroquia de Santa Xusta curan o enganido. Tamén ás doce da noite, momento no que a igrexa parroquial dá as badaladas, se vai ao cemiterio, lugar no que se encontra unha oliveira. Sinalase na terra que está debaixo da oliveira o contorno do pé e, a seguir, retírase esta terra e lévase para a casa, onde se pon ao lume. Segundo a terra vai secando, tamén así vai desaparecendo a enfermidade.

Alonso Romero (1996: 136); Alonso Romero (2007: 42); Folgar (1975: 323); Fuentes Alende (1988); Kieckhefer (1992: 74); Lis Quibén (1980: 31-87); Liste (1987: 81, 86); Marfany (95: 58-9); Torrado (2009: 97)

ALACRÁN

Aracnídeo pezoñento, capaz de producir certo AIRE, que en moitas ocasións se acostuma identificar co escorpión e, en moitas ocasións, co grilo ceboleiro e coa bolboreta da morte, e do que se asegura que a súa mordida -o verbo empregado é, de maneira sistemática morder e non

picar- é, sen remedio, mortal. Este arrepío perante o animal, maniféstase en moitos refráns, como o que asegura que:

*Se te morde o alacrán
busca viño e busca pan
sacerdote e sancristán,
que mañá te enterrarán*

ou:

*Se te morde o alacrán
xa non comerás máis pan*

En certos lugares crese que a mordida cúrase de maneira semellante a como se procede no caso da SALAMÁNTIGA: quémase o alacrán e as cinzas resultantes déitanse sobre a ferida. Outro método consiste en fritir o animal, obténdose así o aceite de alacrán, co que se deberá untar a zona afectada. Noutros, como Redondela, mediante a realización de cruces con ramas de allo sobre a mordedela.

Lis Quibén (1980: 45); Risco (1947); Rodríguez González (1958:98)

ALCEO DE VERIAL v. VERIA

ALDINA v. PENA DOS NAMORADOS

ALDONZA CAMBA v. XELDA

ALICORNIO

Tamén chamado ulicornio, ou unicornio. Animal pertencente a diferentes mitoloxías, que se representa con corpo de cervo, cauda de león e cabeza de cabalo, na que nace un único corno, que lle outorgaba o nome, e que se supuña tiña a propiedade de purificar as augas nas que se mergullaba.

Outras descrições fano aparecer como un ser de corpo de cabalo, pés de elefante e cauda de cervo e outras, ao cabo, dan por certo aínda que existen tres clases, de cores verdes, preta e branca. Coñécese por nomes variados, entre os que poderíamos sinalar os de monoceros, dajja, Khutu, harish e outros. A súa captura resultaba empresa de grande dificultade: só se podía levar a termo coa axuda dunha virxe, porque o atraía a pureza e, ao ollar unha doncela, achegábase a ela, ficando durmido, momento que aproveitaban os cazadores para darlle morte.

A crenza nos poderes purificadores do corno deste animal fica aínda vixente nalgúns zonas do noso País e en persoas idosas, dándose mesmo o caso de aínda se atoparen propiedades do suposto apéndice. Unha información procedente de Piñeiro-Santiago de Galegos-Navia de Suarna, refire a crenza segundo a cal, en tempos recuados, todos os ríos se achaban contaminados e que eran os ulicornios, mergullando a súa hasta nas augas, os que tiraban a pezoña. O nome dado ao AMULETO obtido do corno é o de pedras do veneno e cóntase que estas pedras foron pasando ao través de xeracións, chegando aos nosos días. Cando se utilizaban, empregábanse certas palabras máxicas, en canto a oficiante cercaba a persoa danada polo veneno. No devandito lugar do concello de Navia de Suarna existía aínda un exemplar de pedra do veneno a comezos do ano 1993.

Na Galiza chámase tamén alicornio a un cairo de xabril, encastado nunha base de prata. Este amuleto resulta eficaz contra diversas doenzas de tipo físico -como inflamacións causadas pola trabadela dun animal supostamente pezoñento- ou psíquico, como o tangaraño, ou o mal de ollo que orixinan as MEIGAS. O remedio lévase a cabo tirando unhas raspaduras e deitándoas nun pouco de leite. Sobre este leite faise o signo da cruz co propio amuleto e pronúncianse certos esconxuros. Resulta eficaz, igualmente, para combater as serpes que, na noite, van zugar os

peitos das mulleres que aleitan, ou as ubres das vacas. Ao beberen o leite, no que se deitaron as devanditas raspaduras, as cobras morren subitamente. A persoa que adoita gardalo é unha muller idosa. Canto á lonxitude do corno, acréditase no País que algúns atinxen un cumprimento que ultrapasa os tres metros.

Parenteado probabelmente con este amuleto, coñécese polo nome de anel de alicornio unha sortella, preferibelmente de prata, na que se encaixa un anaco de asta de vacaloura. Dito talismán considérase de grande axuda en diversos labores habituais, así como de ilimitada versatilidade no combate contra distintas enfermidades de orixe real ou sobrenatural. Acredítase na súa capacidade para acelerar o proceso de levedaxe do pan, así como na súa eficacia para combater a mordedela de cobras ou outros animais pezoñentos, mediante a lavaxe con auga na se que se achase mergullado con anterioridade dito anel, fluído que recibe o nome de auga de alicornia. Así mesmo, considérase elemento protector para os porcos non adquiriren algún AIRE que a invexa ou outro motivo lles puidese comunicar, ou artificio defensivo contra o MAL DE OLLO. Finalmente débese sinalar un cabalo unicornio, coñecido como a Besta Branca, que existe no Castro Grande, en Cerdedo. É posíbel que poida ser visto, en noites de luar, conducindo greas bravas por unha pasaxe soterrada que leva desde o fonal de xestido até as beiras do río d'O Seixo.

Cotterell (1990: 244); Fraguas (1974i); Malaxecheverría (1986: 146-52); Risco (1979: 475); Rodríguez González (1958: 121, 172); Rodríguez López (1974: 140-1); Solla (2009: 28, 101); Vázquez-Monxardín (1994: 335)

ALMANZOR

Xefe político e militar de Al-Andalus que exerceu a súa acción a finais do século X. No ano 997 leva a cabo a campaña contra os territorios cristiáns do norte da Península, atinxindo Compostela. A súa figura fica embrullada entre as liñas histórica e lendaria. Tres lugares do noso país, Compostela, Lugo e Pontearreas recollen lendas relacionadas co xefe musulmán.

A primeira delas, Compostela, presencia a vinda de Almanzor, que chega desde o sul. O árabe incendia a cidade e penetra a cabalo na catedral, onde a súa besta, despois de beber na antiga pía de auga benta existente aínda séculos despois ao pé da porta de Pratarías, estoupa como un foguete. A seguir, o sarraceno asoballa a basílica, de onde rouba os sinos e as portas levándoas a Córdoba a ombros de prisioneiros galegos. Sorprendentemente, como fixera Atila, cinco séculos antes, deténdose ás portas de Roma, o árabe fica inmóbil perante o sartego do que a lenda dá por certo que contén o corpo do apóstolo Santiago. A tradición pretende que, ao entrar no túmulo, un frade venerábel rezaba en actitude de recollemento. Certas versións afirman que se trata de Pedro de Mezonzo, bispo de Iria, o ser que alí pregaba. Igualmente, no caso do xefe huno, unha lenda afirma que no encontro con León I ás portas de Roma, un ancián venerábel apareceu á beira do Papa, amedoñando Atila. Existe, non obstante, outro relato que xustifica o recuamento de Almanzor. Segundo este, ao seu paso pola parroquia de Maianca, no concello de Oleiros, aconteceu que o cabalo do mahometano bebeu na pía de auga bieita que a igrexa tiña, afundi logo na terra e, onde ficaran as ferraduras, nixiu unha fonte de auga milagrosa que é a que aínda está hoxe detrás da igrexa parroquial. A lembranza deste feito fixo a Almanzor recuar diante do sartego compostelán. A fonte curaba -ou cura aínda- non hai moitos anos as crianzas das doenzas máis inexplicábeis.

No avance no interior do país, asegura a lenda, o caudillo andalusí cerca a cidade de Lugo. Encastelados na cidade, os lugueses resisten diferentes ataques e o xefe sarraceno procura a súa rendición mediante a fame. Segundo se ían esgotando as provisións a situación ía virando crítica para os sitiados. Un día, un conde que participaba na defensa da vila decidiu pór en práctica unha arriscada armadilla. Achegouse á muralla pedindo falar con Almanzor. Cando este se achegou, suxeríulle que levantara o cerco xa que os exércitos galegos se estaban a organizar e, aliás, os sitiados dispuñan de alimentos para resistir o cerco ao longo dun ano inteiro, moito máis do que os sitiadores podían aguantar. Para demostrar o seu aserto, guindou dende a muralla un dos poucos anos que ficaban na cidade e unha cesta ateigada de bolas de pan. O argumento convenceu a Almanzor de que o sitio debía ser levantado e abandonou a empresa. A lenda remata dicindo que o conde, pola unión das palabras que foron chave no desfecho do sitio, quer dicir bola e año, tomou dende aquel intre o nome e o brasón de Bolaño, dando orixe a este apelido.

Chegando desde Portugal, depois de atravesar o río Miño, Almanzor chega a Ponteareas, dirixíndose ao castelo de Vilasobroso. Proclama a tradición que, case un século antes, Ebam, fillo do rei Witiza, acudira a este mesmo lugar en petición de axuda para obter o reino que lle fora usurpado por don Rodrigo. O señor do castelo, Fiz de Sarmiento, outorgoulle a axuda requirida. Non obstante Ebam, desprezando o apoio obtido, fuxiu con dona FLORALBA, muller de Fiz de Sarmiento, abandonándoa máis tarde. Floralba voltou para o castelo de Vilasobroso, mais don Fiz deixouna morrer ao pé dos muros.

Almanzor enviara tropas adiantadas ao mando de Ab-del-Kader que exploraran os arredores do castelo e, atopándoo abandonado e coas portas abertas, penetraran nel e tomaran posesión do mesmo. Ao achárense, el e os seus homes, desfrutando dun xantar, escoitan unha voz que executa unha estraña melodía. Rexistran as estancias e, na torre, atopan un vello cego que, acompañándose dunha zanfoña, canta un antigo romance que non interrompe aos sarracenos chegaren. Ab-del-Kader, tendo por indiferencia ou desprezo a actitude do vello xograr, tira a súa cimitarra e, dun primeiro golpe, córtalle ambas as dúas mans. Cun segundo, decapítao. A seguir, manda guindar os restos do músico dende o alto da torre ao pé da muralla.

Ás poucas xornadas -outras versións afirman que esa mesma noite- chega ao castelo o caudillo Almanzor. Cando el e mais os seus capitáns están a analizar a estratexia militar para as vindeiras xornadas, escóitase outravolta a mesma voz e idéntica música. Ab-del-Kader informa a Almanzor do acontecemento do xograr. O xefe sarraceno ordena que se dea morte novamente a quen ousa interromper a reunión e, segundo el, mocarse dos conquistadores. O propio Ab-del-Kader rexistra o castelo e atopa, ao pé da muralla, os restos do músico que antes asasinara. Comproba que as dúas mans cercenadas seguen a tocar a zanfoña e do cadáver do home morto seguía a saír a mesma voz. Segundo se refire, este músico canta cada vez que se achega unha grande desfeita para Galiza.

Unha última lenda, relacionada co ciclo de Almanzor e situada en lugar descoñecido de Galiza, narra as desventuras de Nelda, unha fermosa moza que -despois da incursión do caudillo árabe- é conducida a Córdoba, véndose obrigada a separarse de Paio, o seu amor galego. Alí transcorre o tempo, no harén de Omar-ben-Amid, até que un día, ao pé da torre no que se acha, escoita o son dunha gaita que interpreta unha alborada. Descubre que é Paio quen toca o instrumento. Nelda solicita do sultán a mercé de este consentir que diariamente o músico toque algunhas pezas ao pé da xanela. Omar dá o consentimento, ao tempo que envía ao mozo unha bolsa con moedas de prata. A partir daquel día comeza a establecerse entre os amantes o propósito de reencontro.

Nelda, porén, ten ao seu servizo unha escrava, Aldonza, que nun tempo pertencera ao harén do sultán. A lembranza do pasado xera no peito de Aldonza un aquel de nostalxia misturada con invexa cara a Nelda. Por iso é que, cando un día Nelda envía a Aldonza cunha nota de amor dirixida a Paio, a escrava entrega o aviso a Omar. Este, despois de lelo, tira importancia ao contido do mesmo, dicendo a Aldonza que só se trata da petición dunha peza musical concreta. A seguir, chama ao seu arquero Yusuf -que é amante de Aldonza- encomendándolle a vixilancia e represión, se fose o caso, de calquer movemento sospeitoso de traizón. Aldonza, que, sendo de Toledo, descoñece o idioma galego, desconfía, non obstante, da verdade das palabras de Omar. Pola noite, Aldonza e Yusuf fican á espreita. Aldonza, no interior do seu cuarto. Yusuf, no exterior, mentres cavila nos seus desexos de pasar aquela noite coa súa amante. Para obrigar a esta a saír á xanela, Yusuf dispara unha seta que se crava nas contras. Aldonza abre a xanela e unha escada de corda cae, ao tempo que un home comeza a agatuñar por ela. Yusuf, créndose traizoado por Aldonza, mata con frechazos certos o home e a muller. Diríxese aos cadáveres e comprende o seu erro. O morto é Omar-ben-Amid, que supuña que naquel aposento concretaban os seus amores Nelda e Paio os cáles nese instante, disfrazados con vestiduras árabes, xa emprendían a volta á súa terra.

Bussagli (1988: 176); Carré Alvarellos (1988: 160-3; 218-24; 286-8); Chao Espina (1981: 38); Fernández, Manrique (2002: 9-15); Fraguas (1988: 11-27)

ALMUIUCES

Pobo mítico que aparece referenciado en relación coa existencia dun espello de grandes dimensións e natureza máxica situado na torre de Hércules, na cidade d'A Coruña.

Dito espello, alumado mediante un facho, permitía enxergar afastadas terras, como Irlanda, aspecto que remesa á contemplación desta nación por ITH. Os almuiuces, que tiveron noticias da existencia do espello, decidiron a súa destrución. Dispostos á conquista, armaron dúas naves con potentes balistas, recubrindoas, a seguir, dun exuberante manto de árbores e follaxe, de tal maneira que desen a impresión de dúas illas. Con estas embarcacións levaron a cabo un vagaroso achegamento á cidade, conseguindo que os defensores trabucasen os barcos disfrazados con verdadeiros illotes. Os asaltantes, ao estaren situados perto da torre, dispararon as armas, derramando o espello e procedendo ao saqueo e ao asasinato.

Existen outras liñas do relato lendario segundo as cales os que estragan o espello non son os devanditos almuiuces, senón os xudeus que, fuxindo de Nabucodonosor, chegan ao noso país. E, mesmamente, se fala da acción dun sorprendente pobo, os almunides gregos, que destrúen o espello. Inda que se muda de protagonistas, os diferentes relatos cadran na estratexia seguida polos estranxeiros para levar a cabo a rotura do espello: trátase, en todos os casos, de naves disfrazadas de illas que enganan os poboadores coruñeses.

González Garcés: (1987: 217-24)

ALOIA

Monte que sobrancea a cidade de Tui.

Quere a lenda que dita cidade recebeu o su nome de Tideo, rei grego da Etolia. O deo fillo Diómedes, despois de combater na guerra de Troia, decidiu abandonar a súa patria, navegando até as terras do Poente en compañía de moitos compatriotas. Foi así como chegou á antiga Erizana, a actual Baiona. Alí desembarcou, comezando unha expedición por terras galegas que o conduciu até un lugar, á beira do Miño, onde o ano 1209 antes da nosa era fundou a cidade de Tui, á que chamou así para honrar o seu pai.

No cume do monte Aloia, onde certos autores quixeron ver o enclave do monte Medulio, símbolo da resistencia dos galaicos fronte o poder de Roma, circula a crenza que vencella o lugar coas tradicións dos campos dos mártires. A lenda dá por certo que, cando se produciu a invasión da Galiza polos mahometanos, os moradores da cidade fuxiron ao monte cos seus parentes e as propiedades que puideron cargar. Entre as cousas que se levaron figuraban o corpo e as reliquias de san Xulián, así como as reliquias de santo Epitacio, primeiro bispo de Tui, e doutros santos.

Esta lenda vincúlase á existente noutros moitos lugares da Galiza, ao redor dos chamados CORPOS SANTOS. De feito, a mitoloxía popular asegura que o cume do monte está ateigado de corpos santos, aínda non descubertos. Un diploma da catedral do ano 1095 (*Et ubi sunt reliquiae Sancti Juliani repositae*) e unha escritura do rei don Afonso de Portugal, do ano 1169, recollen esta tradición. Outra liña do relato asevera que os mouros mataron alí anacoretas que eran discípulos de san Xulián, chegándose a asegurar que o propio santo sufriu neste lugar marteiro. Foron tantos os mortos que, di a tradición, se se apertara aquela terra botaría sangue. Isto confirma o rito que se levaba a cabo durante as romarías de San Xulián, na que os romeiros subían os banzos da escalinata que vai da fonte á capela e en cada banzo rezaban unha avemaría, xa que se cría que debaixo de cada un xacía soterrado un mártir.

A zona talvez foi, como moitos outros montes, en tempos recuados un santuario de adoración de forzas naturais. De feito, inda hoxe se ten a san Xulián como santo benfeitor da climatoloxía, podendo ofrecer auga ou tempo de seca, segundo se desexe. Dúas pedras situadas no monte -a pedra da auga e a pedra do sol- nas que se coloca a efixie do santo, que se leva en procesión, son as encarregadas de acoller a imaxe para que o troco de meteoroloxía chegue a consumarse. Cando a bisbarra atravesaba unha xeira de seca, ou de chuvas excesivas, facíanse rogativas ao santo mediante a celebración dun octavario. Ao noveno día levábase a imaxe de pedra de san Xulián dende a catedral de Tui á capela do monte. Se se desexaba pedir os seus favores para a obtención da chuva, conducíase a efixie á pedra da auga, que mira ao Atlántico. Se, en troques, se quería tempo seco, levábase a imaxe deica a pedra do Sol, que dirixe a súa ollada ao leste, actos, todos eles, que sitúan a Xulián nunha certa perspectiva de santo fecundador por meio das augas, aviciñado cos coñecidos como SANTOS HIDRÓFOROS.

Certas fontes tentan establecer neste monte a situación do monte Medulio, lugar a cabalo da lenda e a historia, onde os galegos, segundo refire a tradición, preferiron o suicidio colectivo a seren derrotados por Roma. Bouza-Brey ou Chamoso Lamas, afirman que o Medulio, a quen identifican co monte Medelo, se acha perto de Barbantes. Outras posíbeis ubicacións baralladas son as terras de Castro de Rei, lugares da chaira d'A Limia ou o lugar das Médulas, no Bierzo. Si, en troca, semella probado, se atendemos ao romano Orosio, que o monte Medulio se achaba á beira do Miño ou do Sil -*Minio flumini inminentem*, di o historiador- onde cómpre non perder de vista o dado de que as palabras latinas minium e sil posúen significación análoga e denotan a cor -minio- ocre ou avermellada que o óxido de ferro pode comunicar ao leito do río.

O relato, que ten como referencia a Tito Livio, fonte na que se basean Floro e Orosio, refire a resistencia dos galegos fronte ao ataque dos romanos. Despois de combateren e sufriren numerosas perdas á beira do río Douro, até onde os galaicos se desprazaran para enfrontarse aos romanos coa intención de lles impedir o acceso a Galiza, inician unha retirada que os conduce até o monte Medulio. Alí aprestan a defensa. O exército de Roma cerca o monte, construíndo un foxo duns 20 quilómetros estritamente vixiado. Conscientes da súa situación desesperada, os galegos decídense pola opción da privación da propia vida. Empregando a espada, o lume e o veneno que obteñen dos teixos que abundan na zona, prefiren a morte á submisión e escravaría ao Imperio Romano.

Álvarez Limeses (1936: 779); Fraguas (1988: 364); Torres Rodríguez (1974)

ALONSO PÉREZ DE VIVEIRO Fidalgo, nado n'O Vicedo no século XV, que estivo ao servizo de D. Álvaro de Luna, Condestábel de Castela, e casou con Dona Inés de Guzman. A lenda convérteo en vítima asasinada polo Condestábel.

No lugar coñecido como Piago, á beira do río Landrove, existiu en tempos unha capelanía. Nese lugar, un dragón custodiou ao longo dos séculos un sino cuxo tanxer podía escoitarse a grande distancia. Dito sino ocupa hoxe unha das torres sineiras da igrexa de Santa María, en Viveiro, aínda que o badalo non é o orixinal. A tradición popular afirmaba que se o sino tivese dito badalo, habería escoitarse desde sete leguas.

Asegura a lenda que Inés de Guzman, despois de ver como o seu fillo falecía en combate ao carón da muralla da vila, retirouse a rezar á capela de Piago. Alumada somente por unha lampadiña, orou. De súbito, a lámpada apagouse, ficou o espazo en penumbra e, entre as tebras, apareceu un corpo fantasmagórico que axiña desapareceu. Despois xurdiu un cadafalso e unha cabeza ensanguentada, que recoñeceu como a de Don Álvaro de Luna. Apavorada, Inés fuxiu daquel lugar, berrando o nome da aparición. Inmediatamente despois de se producir a súa fuxida, unha forte treboada derrubou o edificio, en canto o sino e o badalo se precipitaban ao fondo das augas do río. Ignórase como chegou a recuperarse o sino do río Landrove, mais se sabe, porén, que aquela aparición correspondía ao Condestábel, que asasinara a Alonso un día de Venres Santo.

Chao Espina (1981: 47-8); <http://sthweb.bu.edu/archives/index.php>

ALTAR DE GONDOMIL v. **PEDRA DA SERPE**

ALVAR v. **MUNIA**

ALLO Planta liliácea -*Allium sativum*- usada como condimento culinario e eficaz AMULETO contra diferentes doenzas de natureza máxica ou sobrenatural, como o MAL DE OLLO, ou o AIRE de invexa.

Tamén resulta positivo o seu poder contra a acción das MEIGAS, como elemento resistente a numerosos FEITIZOS, contra a raiba ou contra posíbeis accións funestas da COMPAÑÍA. Vitor SIDEROL, pola súa parte, usárao como condimento no ritual de convocatoria do Maligno. As

persoas que sufreron a mordida dun can raiboso acostuman ser encerradas nun cuarto no que haxa abundante cantidade de allos, para que a súa deglutición poña fin á enfermidade, propiedade curativa que tamén se lle apón ás cebolas. A crenza amplía os poderes curativos á variola: se se bota o alento de allo mastigado sobre a face dunha persoa doente desta enfermidade da derme, o bafo impide que a doenza se transmita aos ollos.

Unha cantiga popular recolle estas propiedades benfacexas dos allos:

*Non teño medo aos teus ditos,
nin medo do teu meigallo,
que ando cunha vacaloura
e catro dentes de allo.*

O mecanismo simbólico que converte os allos -os "dentes" de allo- en elementos defensivos é semellante ao que se pon en marcha co DENTE DE PORCO BRAVO: o feito de seren os dentes de xabaril elementos defensivos do animal, fai que os humanos os convirtn en elementos defensivos contra as enfermidades. Pola súa similitude formal, os dentes de allo poden levar a cabo similares funcións protectoras. Neste sentido, os allos empregábanse como elementos defensivos nos aparellos de pesca, de tal maneira que n'O Morrazo, cando se estreaba unha rede, deitábanse sobre ela dentes de allo e un papel co número 13.

Alonso Romero (1998: 275); Anónimo (1974: 28-9); Mariño Ferro (1985: I, 256-7); Rodríguez González (1958: 140); Rodríguez López (1974: 139)

AMARO O PEREGRINO Viaxeiro que procura insistentemente o Paraíso, conseguindo acceder á súa visión momentánea. Unha chea de elementos presentes na historia inducen a pensar na posibilidade da cristianización dun mito anterior.

Os temas da VIAXE -e máis concretamente, a viaxe por mar-, da ascensión á montaña, do val murado de prata, da porta de ouro, dos trescentos anos -simbolismo do tres- ou a visión da fonte amosan a idea de que esta viaxe trata verdadeiramente, non da conquista dun paraíso, senón da metáfora que apunta cara a unha viaxe de fasquía iniciática. A narración recolleuna na freguesía de Figueira, pertencente ao concello de Abegondo, no primeiro cuarto do século XX, Euxenio Carré. Posibelmente, o nome Amaro sexa de orixe celta e posúa o significado de inmorredoiro e non é descabelado supor que a lenda que o acompaña teña a mesma orixe. Cómpre sinalar, ao cabo, que Amaro non ten presenza no calendario litúrxico, cousa que si ten Mauro con quen, obviamente, non ten nada a ver. O argumento da lenda é o que segue.

Amaro é un home natural da Galiza, de riqueza abastada, por mor da recepción dunha herdanza que os seus pais lle deixan ao morrer. Amaro, home xusto, seguidor dos preceptos cristiáns e de alma *branca como unha pomba*, segundo a lenda, decide ficar cunha pequena cantidade para el propio, empregando, en troca, a meirande parte na louvanza sistemática de Deus. Fai doazóns para a construción de mosteiros e practica a caridade cos máis necesitados, construíndo hospitais e asilos. Ao cabo, cos diñeiros que gardara decide fretar unha nave e marchar á procura do Paraíso. Faise á mar e atura con afouteza secas e treboadas, ventos e desfeitas, nun vadiar que se delonga por anos. Un día, ao cabo, arriba a un porto, nunha costa isolada, onde algo lle suxire que se acha no bo camiño. A nave, que bautizara co seu propio nome, déixaa no porto e, despois de pedir aos mariñeiros que agardasen alí a súa volta, principia un camiño cara ao interior daquela terra. O seu único compañeiro é un caxato de pau de toxo. Sen provisións e cheo de ousadía, camiña, decatándose de que, de vagar, o terreo vai virando enfesta, até chegar á vista dunha serra imponente que non se ofrecera ao seu ollar ao chegar no seu barco a aquela terra. O camiño até o cume áchase ateigado de atrancos. Con fe inconmensurábel, Amaro vai vencendo, unha tras outra, as pexas que se interpoñen no seu avance. Durante días e noites, alimentándose só coas raiceiras das plantas, prossegue o seu rumbo, coa sensación de que o camiño se alonga segundo vai avanzando. Á súa chegada ao cimo olla un val úbere e magnífico. No seu centro érguese unha parede branca, que, nalgúns versións, é de prata. No centro da parede, unha porta de ouro, na que se encastoan pedras incríbeis.

Convencido de achar o que buscara, camiña por lugares que agora están constituídos por céspede e amábeis carreiros beirados por flores, até atinxir a porta, onde peta, primeiro cos cotenos e, ao non obter resposta, co caxado. Desde o interior, o patriarca Henoch abre un ralo labrado na porta que semella encaixe e pergúntalle polos seus desexos. Amaro rógalle humildemente que o deixe contemplar o Paraíso, ao que o primeiro nega tal posibilidade, prohibida aos mortais. Perante a teimuda insistencia de Amaro, o patriarca abre un intre a mira da porta. Amaro só pode ollar durante un tempo instantáneo, xa que Henoch dille que xa viu dabondo, fechándose decontado o ralo. Aflito pola escaseza da visión, volta ao porto onde deixou o barco. Só nun día percorre o camiño de baixada, pois agora os carreiros, incomprensíbelmente, son doados de transitar. Ao chegar á beira do mar, certos sinais que olla inducen a súa sorpresa. No porto onde se achaba, cando iniciara a viaxe, unha costa deshabitada, érguese agora unha grande cidade, na que sobrancean as torres dunha igrexa. Amaro detense a beber nun regato e óllase el mesmo con longas barbas brancas, que culpa ás dificultades da súa empresa. Cando chega á cidade, pregunta aos moradores polo nome da mesma e quen e cando a ergueron, atopando a resposta de que a igrexa e a cidade teñen de nome santo Amaro e fundárona os homes que chegaron nunha nau, hai xa exactamente trescentos anos, cumpridos exactamente aquel mesmo día en que Amaro retorna. Con eles viña un home, din os informadores, que se chamaba Amaro, que se internou un día cara á serra e máis nunca voltou. Os seus acompañantes, seguindo as súas ordes, agardaron pola súa volta, até que, ao se cumprir o primeiro ano da partida de Amaro, comezaran a construción da cidade. Amaro comprendeu daquela todo. Dirixiuse á igrexa, rezou, e referiu a fregueses e cregos o que acontecera. Ao findar o relato, caeu morto.

O conxunto de elementos presentes na historia inducen a pensar na posibilidade da cristianización dun mito anterior.

Carré Aldao (1925); Carré Alvarellos (1988: 82-84); Benedeit (1984); Ferro Ruibal (1992: 118)

AMIL

Freguesía do concello de Moraña onde se celebra anualmente a romaría dos milagres, o primeiro domingo despois do 8 de setembro.

A romaría ten a súa orixe nun suposto milagre acontecido no século XVIII. Segundo a narración, un arrieiro chamado Sebastián de Castor que, canso por ter de atender a súa horta e animais traendo auga dun manancial moi afastado, pídelle á Virxe axuda. A seguir, ponse a cavar na terra, conseguindo que alí nixxa unha fonte tan vizosa que o seu caudal dá mesmo para alimentar un muíño que Sebastián constrúe e con cuxo labor pode satisfacer as súas necesidades. En agradecemento manda erguer unha imaxe en pedra, no ano 1778. O cancionero recolle o acontecemento:

*Miña Virxe dos Milagres,
que fas milagres na terra
fixeches nacer a auga
na fonte da Rozavella.*

É posíbel que o lugar - situado nun contexto de lendas de CASTROS e MOUROS, concretamente en Castelo, O Castriño e Xesteira, na súa viciñanza- recibise anteriormente algún culto pagán. Restos de rituais precristiáns aínda se podían detectar hai poucos anos e mesmo, se callar, na actualidade. Con efecto, nunha xesteira situada perto do convento, as raparigas fan, de diferentes maneiras, un nó, ao tempo que piden que se no ano presente viñeron solteiras o seguinte podan facelo casadas, rito que mostra a ligazón máxica entre o casamento e o nó.

Fraguas (1988: 304-5); González Pérez (1997: 49); Sar (1974)

AMILLADOIRO

v. TEIXIDO

AMULETO

Figura, medalla, planta, deseño, ESCRITO e, en xeral, calquera obxecto ao que se lle atribúen virtudes extraordinarias ou sobrenaturais, para se defender do mal e obter prosperidade. A forza da palabra, a través de esconxuros, ensalmos, responsos e outras fórmulas, costuma traballar tamén como un amuleto.

Ás veces a forma do amuleto é a responsábel da súa eficacia; outras o material do que está feito. Entre os amuletos máis notábeis figuran elementos procedentes do mundo vexetal, substancias orixinarias do reino animal, obxectos que proveñen do mundo mineral, artefactos que son fabricados polos seres humanos, ou mesmo combinacións híbridas, como a BULSA DOS ADOBÍOS. A maioría deles son de acción permanente, en canto algúns posúen utilidade efémera, como é o caso das herbas que se empregan na noite de San Xoan en xanelas e portas para impedir que as MEIGAS accedan ao seu través. Os de protección persoal lévanse pendurados do pescozo, entre a roupa ou mesmo prendidos do reloxo, en canto os de defensa do fogar colócanse en diferentes puntos da vivenda.

Diversas culturas consideraron o mundo vexetal e, en particular, as árbores obxectos de culto. Entre os celtas é sobranceiro o culto rendido ao CARBALLO e entre os xermanos dito culto aínda se manifestaba no século XX, sendo extraordinariamente rigorosas as leis que punían o deterioro das árbores, aspectos que se espallaban a Grecia e Italia, existindo a posibilidade de as árbores respostaren por medio de dispositivos oraculares. As árbores posúan carácter divino e animado, polo cal se consideraba, e aínda se considera, a súa capacidade de vinganza e tamén de sofremento. De tal maneira que, en moitas ocasións, se levan a cabo actitudes de rogo ou de perdón dirixidas ás árbores.

Mais tamén acontece que, en moitas outras, se a árbore non concede os dons que se demandan, as accións sobre elas serán de carácter punitivo, de maneira semellante aos comportamentos que se levan a cabo a respecto dos SANTOS HIDRÓFOROS. Entre os pobos eslavos existiu o costume de ameazar con seren taladas, o día de Noiteboa, as árbores maniñas para o ano seguinte daren os froitos que se espera delas. Exactamente ese costume áchase rexistrado no noso País con respecto ás árbores veceiras -as que dan froito en anos alternos- ou as que son estériles. O devandito día de Noiteboa, ás doce da noite, o home máis forte da casa, ou o de máis idade, castigaba con dureza ditas árbores, mediante o apedrexamento, a malleira con cordas ou con varas, ou o demoucado de pólas, ao tempo que se recitaba a fórmula:

*Solta a froita, lacazán
ou mázote como un can.*

Este costume precristián foi, con posterioridade, como tantos outros, cristianizado pola igrexa católica, no seu anxeio de eliminar calquera sinal autóctone. De tal maneira que, ás tres da tarde, o abade levaba a cabo o abenzoamento das sinaladas árbores, acompañando o acto de certas oracións. Baixo esta perspectiva, non resulta extraño que as árbores, ou seus froitos ou moitos exemplares do mundo vexetal, estean preenchidos de poderes especiais. Casos como os do CARBALLO, ou a OLIVEIRA resultan significativos.

Máis tamén pequenos elementos vexetais renden, como amuletos, servizos aos humanos. Así, os ALLOS e as cebolas téñense por axentes de protección eficaz contra a raiba, doenza que se debe combater inxerindo grandes cantidades destes tubérculos ou levándoos na alxibeira. Os allos tamén protexen contra o MAL DE OLLO que se poda exercer contra os animais -os cales deben untarse con dito vexetal- ou contra as persoas -que o levarán pendurado do pescozo ou o porán debaixo do traveseiro-. Igualmente, constitúe axente efectivo contra as almorras a castaña -tamén a estrelamar- levada entre as roupas. A castaña, ademais, é un bo axente para combater a invexa e o mal de ollo, o mesmo que o fiúncho, o cal se debe poñer debaixo do traveseiro ou aos pés do leito. Os trevos de catro follas ou as follas de ruda, constitúen importantes axentes terapéuticos, sendo preciso, neste último caso, que a persoa que apañar a ruda deixe unha prenda da súa propiedade (un pano, unha fita) para que a planta non chegue a secar, establecendo así unha especie de troco entre o humano e o vexetal. A castaña de Indias revélase eficaz contra a acción das CHUCHONAS.

Igualmente se considera un eficaz instrumento defensivo contra meigas e trasnos, así como axente fornecedor de felicidade, a planta coñecida polo nome *Digitalis purpurea* L, a cal acolle máis de trinta denominacións galegas, entre as que sobrancean as de abeluria, baloco, bilitroques, dedaleira, estralote, herba da cobra, sanxoáns ou seoanes. Xustamente, o nome de

sanxoáns alude ao feito de que no día de San Xoan se acostumaban decorar as portas das vivendas con acios desta planta para desenvolveren a protección citada. Cocendo as follas, as flores, ou a cortiza da árbore de santo Eutelo, ou cinamomo, obtense un bo remedio contra a rabia.

Referíndonos a unha substancia de orixe vexetal, como é o aceite, débese subliñar que dito elemento usábase no mundo mariñeiro para combater as tempestades. Para iso deitábase un bidón de dito produto sobre o mar. En caso de falta deste óleo, podía substituírse por graxa de sardiña. Esta práctica efectuábase as mulleres de Nazaré, na costa portuguesa, ao tempo que, nun exercicio de natureza máxica aplainaban, de costas ao mar, as areas da praia para que, desta maneira, o mar ficase igualmente "aplainado". Outra técnica desenvolvida polos pescadores do norte portugués e os galegos do sul consistía en simular que "cortaban" cos seus coitelos os raios cando se producían treboadas ou se achegaba unha tromba de auga.

Tamén, continuando no mundo vexetal, a pataca, levada crúa nunha alxibeira, considérase unha enérxica substancia contra o reuma. O cinamomo, chamado árbore de Santo Eutelo, ou árbore da raiba, constitúe unha eficaz arma contra esta doenza, ministrándoa en forma de infusión da súa cortiza, flores ou follas. A mesma función curativa poden desempeñar o codeso ou a xesta.

Para curación das velidas dos ollos -úlceras da córnea- emprégase un grau de millo, co que se fai unha cruz sobre o ollo do doente, ao tempo que se recita a seguinte fórmula:

*Santa Lucía
tres fillas tiña;
unha tecía,
a outra urdía
e a outra velidas
dos ollos desfacía*

ou ben, esta outra, na que se fai referencia a santa Rufina, ademais de santa Lucía:

*Santa Lucía e santa Rufina
tres nobeliños nas mans tiñan,
cun tecían,
co outro urdían
e velidas co outro desfacían.
Se es branca, Deus te espante,
se es negra, Deus te fenda,
se es rubia, Deus te confunda*

fórmulas que, en calquera caso, rematan sempre coa estrofa:

*co poder de Deus
e da Virxe María
un Pai Noso
e unha Ave María*

e, a seguir, déitase o grau nunha pouca de auga, créndose que nel fica a velida. A operación hase repetir con nove graus, e, en moitos lugares, durante nove días. En todos os ensalmos áchase presente a invocación a santa Lucía e en moitos deles faise alusión ás agullas, que algúns esconxuros -recollidos en Marín, Porto do Son, Forcarei ou Cangas, entre outros lugares- sinalan que deben ser de ouro ou prata. Como medida profiláctica para protección dos palleiros, acostúmase colocar no seu cimo un ramo de xesta ou un ramallete de espigas sen mallar.

Algúns elementos procedentes do mundo animal son tamén eficaces amuletos. Así, as cabezas de víbora ou lagarto, empréganse para protección da casa, mentres que o anel de ALICORNIO, o DENTE DE PORCO BRAVO e a camisa, ou pel, de cobra produce resultados óptimos na defensa de doenzas corporais e psíquicas como o MEIGALLO, ou o mal de ollo. Contra esta doenza, así como contra outras xeradas por distintos axentes, a FIGA constitúe unha defensa

axeitada. Os cornos de VACALOURA, pola súa parte, actúan con enerxía contra o mal de ollo e as meigas, así como contra o enganido ou o tangaraño. Como outros amuletos, lévase na alxibeira e, no caso das crianzas, nos pulsos.

Hai certos dispositivos como os evanxellos -ás veces, os catro- ou os ESCRITOS, de aplicacións variadas. Novamente, para protección do fogar úsanse, cravadas sobre -ou ao carón de- a porta FERRADURAS de sete cravos -que tamén os escoceses empregaban contra as meigas e o mal de ollo-, vasoiras invertidas, cornos de carneiro, de castrón ou de boi, ramos e PEDRAS DE RAIÓ. Mesmo certos trebellos, utilizados para desenvolver tarefas agrícolas, como o ADIVAL, as chocas ou os xugos, cumpren un eficaz papel como elementos escorrentadores do mal. Para protección do fogar empregábanse tamén moedas, agachadas nas paredes da casa, coa condición de que tivesen unha cruz. Aínda non hai moito tempo nas embarcacións pesqueiras colocábanse cornos de boi ou de carneiro, costume que inda fica nalgúns zonas ribeirías portuguesas.

O número sete posúe importancia neste tipo de rituais defensivos, como demostra o feito de que unha corda de sete nós sexa un antídoto aconsellábel contra o mal de ollo, o mesmo que o carbón vexetal. A vasoira, pola súa parte, posúe un amplo espectro de propiedades defensivas. Antigamente varriase e limpábase o forno con ela, e usábase como protectora de colleitas e sementados contra a treboada e os raios. Para iso, deben colocarse en cruz a propia vasoira e a pá do forno. Dita cruz porase na xanela desde onde se divise a tormenta. A vasoira serve tamén de protección contra as meigas, poñéndoa invertida detrás da porta ou no carro de bois, estratexia que serve igualmente para provocar a marcha do fogar de visitas molestas. As chaves, independentemente das súas dimensións, situadas entre os colchóns, son eficaces protectoras contra diferentes males.

As PEDRAS ás que se lle concederon características máxicas ou capacidades fóra do común reafirmaron a súa presenza ao longo de toda a historia da civilización. En forma de pedras preciosas de propiedades curativas coñécese o seu emprego en Londres, xa na Idade Media, onde un tendeiro chamado Richard de Preston doou un zafiro que curaba as doenzas dos ollos. No século XIII existe unha acusación contra Hubert de Burg, acusado de roubar ao seu rei unha pedra que facía invencíbel no combate a aquel que a posuía e no XIV, o rei Carlos V de Franza tiña unha pedra usada para facilitar os partos. Existen informacións que salientan o feito de as pedras adquiriren unha especie de suor ao se acharen perto dos venenos, o cal lles confire características humanas, como acontece tamén entre nós coa PEDRA DA PEZOÑA ou a pedra CAIMÁN. Igualmente, como ocorre na cultura galega coas limaduras procedentes do cairo de xabril ou do ALICORNIO, o zafiro considerábase excelente como remedio contra as dores de cabeza, úlceras e outras doenzas.

Diferentes tipos de PEDRA son eficaces para certas dores ou como elementos preventivos de desgrazas. Entre elas poderíanse sinalar a pedra corvina que o peixe do mesmo nome -probablemente a perca, inda que o termo corvina abranxe multitude de especies- ten na cabeza e que serve para combater, entre outras doenzas, a nefrite. Pola súa localización, esta pedra garda relación cos CARBUNCOS. As feridas cúranse polo simple contacto da pedra da andoriña, tamén chamada pedra alidoña, que constitúen áreas que se atopan no estómago desta ave, cousa que se repite na pedra do porco espiño. Propiedades quiméricas ten a chamada pedra do galo que, máis unha vez, é unha concreción calcaria que se forma nos intestinos do galo. Os peixes que posúen dentes petrificados, que despois de seren polidos apresetan círculos concéntricos, e que se coñecen polo nome de ollo de serpe, téñense como bos absorbentes.

Mención aparte merece a pedra bezoar, identificada coa chamada pedra caimán. Pertencente tamén ao mundo mineral, áchase o sal, eficaz contra o mal de ollo. Débese sinalar igualmente o caso da pedra que os mariñeiros de Laxe obtiñan dunha rocha que se acha ao pé da capela de santa Rosa. Dela tiraban pequenos anacos que levaban pendurados en escapularios que, ás veces, mesmo ensarillaban entre as REDES para as libraren de perigos e melloraren a PESCA.

Xustamente, en relación coa pesca empréganse como amuletos algún obxectos. Os antigos romanos deitaban moedas no receptáculo do barco onde se encaixa o mastro -o tinteiro- segundo demostra o achado nunha nave romana do século I na beira do Támesis. Os maruxos portugueses realizaban a mesma práctica, poñendo moedas ou ferraduras nas proas dos seus barcos, en canto os galegos da ría de Muros e Noia colocaban, dous mil anos máis tarde, tamén no tinteiro do mastro, unha moeda de unha peseta ou un peso de prata, en canto no Baixo Miño os amuletos

usados eran cornos de carneiro e ferraduras. En certos puntos da ría de Vigo introducíanse nos barcos cardos para as meigas se picaren neles.

Un amuleto de interese é o pezuño da Grande Besta. Dito pezuño, que é o que corresponde á pata traseira esquerda dun animal semellante a un alce nórdico, resulta de utilidade no combate contra a epilepsia, sendo empregado até o século XVIII contra dita doenza, sendo despois desta data usado como amuleto. A tradición sinala que dito animal, cando contrae a doenza, procede por el mesmo á curación, rañando co seu pezuño dereito a orella, dado que se ten por infalíbel proba dos poderes terapéuticos da extremidade. Con este pezuño fábrícanse colgantes, aneis ou sortellas, semellantes ao anel de alicornio. Ditos colgantes levan encastoados un anaco do pezuño do animal e reciben o nom de anel da Grande Besta. Dentro da categoría de pezuños, ou extremidades de animais, existen ao mesmo tempo o pezuño de cabalo que, en moitas ocasións, entraba a formar parte da bolsa dos adobíos, a unlla de lobo cerval, que se acostumaba encastoar en prata, sendo usada como colgante, e que se empregaba como elemento curativo da epilepsia, a pouta de teixugo, eficaz contra o mal de ollo, a pata de coello, para procurar fortuna e abastanza e a unlla de san Eleuterio. Este último amuleto baséase na crenza de algúns animais teren na pata posterior unha unlla suplementaria. Dita unlla é un remedio activo contra a raiba, reforzado co conxuro que afirma que o santo se interpón entre a doenza e o doente.

A roda de boiacán é, como o seu propio nome indica, unha coroa circular de cor preta feita de óso, da cal se ten noticia através de informantes da comarca de Ferrolterra. Dita roda emprégase para levar a cabo a curación de doenzas de ventre. Para iso, cómpre situar a roda sobre o embigo, como se o arrodease. A súa fasquía coincide coa dun amuleto usado para mellorar o proceso de dentición das crianzas e para realizar funcións semellantes ás do anel de alicornio.

Relacionados con elementos incisivos, débese considerar tamén o cairo de LOBO, igualmente elemento defensivo contra o mal de ollo e as meigas e, sinaladamente, contra o ataque do propio lobo. Neste caso ponse de manifesto a estratexia seguida pola crenza ao asignar a defensa un elemento procedente do atacante.

Especialmente usado como amuleto era tamén o sangue, ligado ao sacrificio dun animal. Así, un antigo costume que perviveu até despois de ultrapasada a metade do século XX, aconsellaba sacrificar un animal caseño cando se ía comezar a construción dunha casa. Unhas pingas do sangue do animal deitábanse sobre os alicerces da vivenda, ou nun pano que se soterraba baixo os cimentos, garantindo un futuro venturoso para os seus moradores. Asociada co sangue, a cor vermella empregábase ou emprégase para pintar cruces nas portas das cortes e, desta maneira, combater o mal de ollo e a acción das meigas ás que, segundo crenza popular, a cor vermella incapacita para a maldade, crenza tamén presente nos folclores galés, inglés e portugués onde, segundo informacións recollidas en Matosinhos, os pescadores acostumaban pór panos vermellos nos pescozos do gado como antídoto contra o mal de ollo. Este mesmo costume, para loitar contra idéntica doenza, localizábase, como dicemos, en Gales -onde se puñan cordóns desta cor nos berces ou na roupaxe das crianzas- en Irlanda -para combater a acción sobre meniños ou gado- ou en Escocia, atándoos, cun nó en volta do pescozo. Ligado a este fluído corporal coñécese tamén un mineral de sílice, o xaspe, que recibe o nome de pedra do sangue ou pedra do embarazo e que se acha vencellado aos procesos de reprodución, constituíndo un activo axente favorecedor da fecundidade, así como dos partos.

Tamén se empregaban os ósos de defunto como filtros amorosos, quer para atraer, quer para afastar determinada persoa. Debíanse ministrar debidamente convertidos en po e deitados, a seguir, nunha cunca de viño.

Certos deseños empregábanse tamén nun sentido defensivo. Así, nas cangas dos carros de bois ou nas barcas dos mariñeiros debuxábase o RISCO DE SALOMÓN, ao pé de círculos ou triángulos equiláteros, abstracción do sexo feminino, signos relacionado polo tanto coa fecundidade. O risco de Salomón aparece gravado na pía bautismal da igrexa de Beba, no concello de Mazaricos.

Finalmente, un amuleto en forma de SAPO empregábase para combatir o AIRE causado por dito anfibio.

Quintía (2009: 8, 12); Quintía (2010: 5-10, 15); Rodríguez González (1958: 128, 159, 334-5, 350, 712); Rodríguez González (1960: 548); Rodríguez González (1961: 43, 99, 113); Rodríguez López (1974: 125, 139); Rodríguez, Lourenço (2004: 195-8); Torrado (2009: 98-107); Vázquez Varela (1974: 43-4); Vázquez Varela (1974e: 70)

ANA MANANA

Personaxe misterioso, integrado na categoría de mulleres encantadas, ou MOURAS, que dá nome a un pozo, chamado Meimón, situado na beira do río MIÑO na parroquia de Alongos, concello de Toén. Este ente feminino encádrase, ao propio tempo, na camada das AUREANAS. De feito, o seu nome, de estrutura aparentemente sinxela e onomatopeica, contén no seu interior a posibilidade de construír tres veces o nome "Ana": ana manana.

O relato é o seguinte:

A un home que vén da seitura castelá, encoméndalle un señor elegante que entregue un queixo na FONTE de Ana Manana, manancial tamén coñecido por outro nome, O Meimón. O señor imponse ao mozo dúas condicións estritas: gardar o segredo e o non levar a cabo deterioro ningún do queixo, que debe chegar enteiro ao lugar de entrega. Como sempre, seguindo a liña de pendor misóxino que caracteriza determinados aspectos da cultura popular, é a muller, que neste caso engade o feito de andar “daquela maneira”, quen come un dos cantos do queixo. Ao chegar ao Meimón, onde se acha a fonte, chama tres veces por Ana Manana, a cal aparece e, tras pousar no chan o queixo, este vira cabalo de tres patas. A muller, enrabexada, non pode fuxir e, como consecuencia, ficará no estado de encantamento no que se acha desde hai longo tempo, ao tempo que di ao mozo que aquel era o cabalo no que tiña que fuxir. Regálalle ao home unha faixa co mandado de que agasalle con ela á súa muller cando esta vaia parir. El, en troca, colócaa ao redor dunha sobreira que, decontado, arde e máis nunca volve medrar.

Outra liña da lenda asegura que non é a muller do mozo, mais a irmá, a que come o canto do pan. A muller da fonte asegúralle ao mozo que, se non acontecer aquilo, casaría con el e tería un grande TESOURO. Posteriormente maldíceo a el e aos seus, e entrégalle unha faixa que el proba cunha sobriña, que falece abrasada. Pola súa parte, el morre ao pouco tempo aspectos, todos eles, que poñen de manifesto o carácter vingativo de Ana Manana, consoante ao comportamento das mouras.

Este lugar posúe unha fonda tradición lendaria. Refírese que aquí Lope de Alongos asasinou, afogándoo, o bispo Francisco Afonso. As xentes que van en romaría, ao pasaren por este lugar berran: ¡morreu o bispo!. Ao mesmo tempo refírese que na beira da estrada, e traballado na pedra, existía un relevo formado por un xugo, a pata dun cabalo e a face dun mouro a quen lle caían as bágoas. Tal grupo, segundo a crenza popular, fora esculpido polos mouros que vivían perto de alí, nunha cova, que só eles sabían abrir empregando palabras máxicas. É lugar, asemade, onde adoitan xurdir aparicións do outro mundo. A moura -outros relatos falan de mouras- que vivía na fonte podía desencantarse deitando na auga da fonte bolos de pan.

Álvarez Novoa, A. (1927: 15-6); Chao Espina, E. (1978); González Pérez (1997: 51)

ANANO

Ser de pequena estatura e longas barbas brancas, que mora, preferentemente, no interior da terra, en covas, nas fragas e nas forxas dos ferreiros, aínda que, en certas ocasións, baixo a aparencia de TRASNO, pode chegar a mostrarse, ou deixar sentir por medios indirectos a súa presenza, nos fogares humanos.

Dadas as facultades máxicas que posúen, poden tamén manifestarse como bolboretas, vermes ou aves noitébregas que, empoleiradas sobre as torres sineiras das igrexas, agoiran, mediante fortes sopridos, a morte de viciños, o cal os parentea co PAXARO DA MORTE. O seu carácter mítico ponos en conexión co folclore dos CASTROS, supoñéndose ás veces que foron eles os que nestes lugares abandonaron os TESOUROS que aí se achán.

Algunhas referencias fanos partillar certas prácticas características dos ananos europeos, como son a laboriosidade, a experiencia na maxia, a solercia, a forza, a bondade, a habelencia como ferreiros e a atracción cara á infancia. Da síntese entre as súas capacidades máxicas e o pendor cara aos miúdos, nace a crenza popular de que os ananos son quen de curar doenzas infantís, motivo polo cal é costume levar nenos doentes ás ferrarías e nestes lugares sentalos ao

carón do lume, en canto o ferreiro traballa. A operación débese repetir un número impar de días, en xeral sete ou nove. Malia esta vocación cara á xente miúda e a súa bondade, amosan igualmente actitudes groseiras e mesmo daniñas a quen tente amolalos. Nesta conxuntura poden levar a cabo, simplemente coa ollada, quedas de obxectos, ou de persoas, ao chan, así como pancadas das que, quen as sofre, ignora a procedencia. Poden, ao cabo, escorrentar co sopro.

Non é frecuente en Galiza a constatación da existencia destes seres, aínda que certos testemuños falan da posibilidade de, mediante o emprego de esconxuros, conseguir algún deles para, téndoos no propio fogar, aproveitar os seus poderes cando for preciso. As noticias que se teñen dos ananos sitúanos en castros ourensáns situados na viciñanza de Pena Corneira e na mina d'A Rodela, na freguesía de Couso, en Avión. Neses lugares arromban inxentes cantidades de ouro que acostuman lavar, periodicamente, nas correntes de auga achegadas. Coñécese igualmente a súa presenza na bisbarra de Lemos, no monte coñecido polo nome d'O Cotarro do Casto, no actual concello de Sober. Alí, nun outeiro que ten a aparencia dunha morea de centeo, existe unha vea de prata de enorme riqueza. Os ananos, que saen e entran das covas sen ser vistos, están encargados da súa explotación, para o cal escavan profundas galerías -que abranxen un círculo de 200 metros de radio- e enchen cubas de dito metal. Mesmo ten acontecido que algunha destas galerías se teña afundido polo peso, engulindo a animais que pastan na superficie, e que unha rapariga fose raptada por eles, por tentar observar as súas actividades. Sábese tamén da súa presenza no Con das Marabillas, unha pedra existente no castro de Gondes, en Armenteira, Meis, onde se teñen visto ananos que na noite, entre luces, andan a tocar o bombo.

Nun antigo texto romanceado recollido no Cebreiro, no que se misturan versos hexasílabos e fragmentos en prosa, descríbese o nacemento do Sol, así como o seu avance diario polo ceu, a loita previa entre o astro rei e a Lúa e a perspectiva dunha noite poboada por ÁNIMAS en pena. A amañecida mostra a vitoria do Sol sobre o mundo das tebras, simbolizada nun carro, no que viaxa o astro, do que turran dous leóns e cuxas rédeas guía un anano. Este aspecto achega, segundo Murguía, a lenda galega a outras europeas. De feito, na mitoloxía xermánica os ananos posúen un papel sobranceiro, como na lenda galega que se vén de referir. Para as crenzas nórdicas catro ananos son os que terman do ceu, que procede do cranio de Ymir, o xigante e primeiro ser vivo; con posterioridade, os nomes atribuídos a estes ananos coinciden cos dos catro puntos cardinais. Por outra parte, ese carácter de ferreiros aparece tamén na mitoloxía escandinava, ao seren eles quen forxaron Gungnir, a lanza máxica de Odín que, despois de abandonar a man, ningunha forza pode afastar do obxectivo ao que se dirixe. Finalmente, como no caso dos ananos galegos, os do norte só traballan nos lugares onde existen tesouros.

Aparicio Casado (2004: 262); Cotterell (1990: 71); Fraguas, A. (1974n); Grimal (1973: 40, 48, 78); Murguía (1982, 1: 187-8); Risco (1979: 312); Rodríguez González (1958: 161)

ANEL DE ALICORNIO v. ALICORNIO

ÁNIMA

Alma que se acha no Purgatorio, expurgando os pecados cometidos en vida, antes de poder acceder ao ceu. As crenzas tradicionais galegas non implican o estatismo das ánimas no Purgatorio, senón unha mobilidade das mesmas, de tal maneira que poden voltar á terra con diferentes tarefas, manifestándose en forma de APARICIÓN.

O pensamento tradicional galego sobre as ánimas, se cadra por influxo de pegadas precristiás, non coincide exactamente coa doutrina cristiá. En certa maneira a crenza clásica galega supón que os mortos "viven", á espera, noutro lugar que non ocupa, topograficamente falando, unha posición superior nin inferior á do mundo dos vivos, senón que constitúe, por así dicilo, outra dimensión, na que o tempo non transcorre ou que, polo menos, transcorre segundo outros criterios. O pensamento galego, até certo punto, considera o Aquén e o Alén como dous mundos coplanarios situados, embora, en dimensións diferentes, marcadas pola distinta percepción do tempo. Naturalmente, como todo sistema mítico, este esquema presenta contradicións, posto que outros relatos consideran que a Vía Láctea, Camiño de Santiago ou -en portugués- Estrada de Santiago, constitúe o lugar polo que se cre que descorren as ánimas - chamadas, en Portugal, alminhas- cara ao país dos mortos, supoñendo, polo tanto, na altura o roteiro que conduce ao Alén. Esta posición ocupada polas ánimas, suxire a asociación entre ánima

e ESTRELA, feito que se reafirma na antiga crenza que defendía que a estrela escura recibía as almas dos mortos, ou a que pensa que as estrelas erradías son ánimas. O aspecto de relación entre o que se ten chamado a parroquia dos vivos e a dos mortos ponse de manifesto nas rogativas que se facían ás ánimas, como o poñen de manifesto documentos do Gremio de Mareantes de Pontevedra, nos que se recolle a necesidade da oración dun Painoso ás ánimas, ao deitaren os mariñeiros o derradeiro bourel.

Como confirmación desa proximidade entre o Alén e o mundo dos vivos áchase a frecuencia co que as ánimas transitan dun ao outro e tamén a posibilidade de acceder ás rexións da morte a cabalo, animal que actúa en numerosas ocasións como transmisor de arelas procedentes do outro mundo. Por iso, cando un cabalo tropeza nunha pedra, interprétase o feito como a petición de axuda verificada por unha ánima, coa fin de que se rece por ela. En moitos relatos o cabalo vén embrullado en ares misteriosos, como no caso recollido en Viloux-Santiago de Cerreda-Nogueira de Ramuín no que, no lugar coñecido polo nome do Camiño da Ponte, aparece un cabaliño lanzal e de grande brancura que se achega a un valado para que a xente suba a el, cousa que os transeúntes non fan por medo. Relato semellante recolleuse en Congostro-Rairiz de Veiga, onde un cabalo de pequeno tamaño e grande fermosura aparece diante dunha muller, facéndolle acenos para que monte nel. A muller négase e fala co animal, até chegaren cabo duns amieiros, onde o cabalo se bota a rir e desaparece de súpeto, supoñendo os moradores do lugar que se trata do DEMO, aínda que este ton de rexouba tamén é aplicábel ao TRASNO.

O carácter antes sinalado de transitoriedade do Purgatorio, a posibilidade, por tanto, de podelo abandonar e, ao cabo, o castigo que as actitudes de soberba levan apareladas reflíctense nun relato popular que conta a historia dunha fermosa moza que, pola súa vaidade, debe ficar nese lugar de penitencia, até que un día se lle conceda a graza de poder abandonalo. A maneira de saír consiste en que a bela muller apreixe unha caule verde de cebola ou porro, polo que turra a Virxe. Cando comeza a ascensión, outras compañeiras desexan aproveitar a posibilidade de saída e agárranse á fermosa, subindo todas xuntas. A protagonista do relato, amosando, máis unha vez, a súa vaidade e insolidariedade fai un movemento co seu corpo para se desligar das súas compañeiras. Como consecuencia, a caule rompe e a muller precipítase, outravolta, no purgatorio.

A idea anteriormente explanada de mundos adxacentes, viciños, dotados, por tanto, dun poderoso mecanismo de interacción, da posibilidade dun lugar no que os mortos viven de xeito diferente alén da morte, maniféstase no costume de dar, a quen está a piques de morrer, recomendacións ou recados para que os transmita aos familiares que están no outro mundo, mundo que, basilarmente, se supón dunha estrutura semellante a este. Asegúrase, xa en documentos galegos do século XVI, que -para alén da crenza na emigración da alma despois da morte- existía outra convición que afirmaba a súa permanencia no corpo, marchando despois á cova e, posteriormente, ao río Xordán, onde precisaba comer e beber, motivo polo que se lle introducían viandas no cadaleito, o cal trae ao recordo a viaxe exipcia ao Alén. Esta crenza perviviu até tempos recentes, como se pode ver no exemplo contemporáneo que fornecen as practicas mortuorias realizadas na aldea de Buscalque, na freguesía de San Salvador de Manín, en Lobios, lugar que estaba -antes de que fose asolagado- separado polo río Limia da igrexa parroquial, existindo unha barca encargada da pasaxe. Inda no século XX existiu o costume de, cando se producir un enterro, e despois de deitar o cadaleito na barca, o parente máis achegado pousaba un anaco de pan cocido enriba do peito do morto e pronunciaba as inexplicábeis palabras: *para pasar o río Xordán*. Alén da pasaxe dos ríos polos mortos para seren soterrados, existen crenzas que supoñen unha pasaxe autónoma e reiterativa, como a lenda tecida en volta do río Tambre segundo a cal durante vinte anos pasou todas as noites por esta corrente o cadáver dun dos bandoleiros que participaron no saqueo do mosteiro do lugar coñecido como a Horta do Frade. Un magnífico exemplo da interacción da que se falou constitúeo a testemuña dunha familia de Brión a cal, á hora do reparto que seguía á matanza do porco, facía cinco partillas: a primeira para un fillo emigrante, a segunda para unha filla casada fóra da parroquia, a terceira para uns viciños, a cuarta para o propio casal e a quinta para as ánimas.

En certa maneira, no xulgar tradicional galego, parece existir a crenza de que a ánima fica constituía por algo material que, ao apareceren certos atrancos, ve limitadas as súas posibilidades de actuación e desprazamento, xerándose dificultades para a alma abandonar o corpo. Así ocorre no caso daqueles que puxeron fin á súa vida por medio do enforcamento, xa que, polo feito de non estaren os pés en contacto co chan e, alén diso, estar a gorxa fortemente premida pola corda,

se considera que non lle é doado ao espírito a saída do corpo que o contén, o que supón concederlle á ánima propiedades semellantes ás da corrente eléctrica ou da dinámica de fluídos. A consecuencia lóxica deste pensamento é que os vivos tenten escudir os lugares onde se produciu unha morte desta natureza, xa que neles pode acharse erradía a ánima do finado.

No pensamento máxico galego, as ánimas adoitan vir ao mundo co mesmo corpo que o que dispuxeron en vida, o cal fai da ánima unha especie de duplicado do corpo, talvez en conexión co que se ten chamado a ánima como manequín. Este suposto aparece noutras culturas: algúns peles vermellas de Canadá abofellan que as ánimas teñen pes, cabeza, brazos, pernas e, en definitiva, son unha copia idéntica do corpo ao que pertenceron; o pobo esquimó coida que a ánima dunha persoa é idéntica a propia persoa e que só se disteran en que a ánima presenta unha natureza mais velaíña e esvaída. Dos ruídos e as falas que os espíritos provocan, deunos conta, hai xa setecentos anos, Marco Polo que refire como, en certas zonas atravesadas por el, pola noite poden escoitarse as voces dos que morreron. Na nosa Terra téñense feito descrições das ánimas con aparencia etérea e case inmaterial, por viren ás veces desprovidas do soporte corporal, o cal fica no adro da igrexa. En troca, outras veces as ánimas provocan algúns ruídos, parellos aos dunha cadea que se arrastra e outras semellantes ao laio dun paxaro, coñecido adoito como o canto delorido, ao tempo que camiñan, sen excepción, descalzas. Esta volta ou mundo co mesmo corpo que a ánima posuía en vida confírmano moitas narracións. En Trasalba-Amoeiro un viciño acha, na noite, un amigo de seu, morto había tres anos, que, co mesmo aspecto que tiña cando falecera, sen despedir cheiro a morto e falando normalmente, pergúntalle polas cousas dos vivos e mesmo chega a facer a promesa de algún día ir probar o viño á adega do vivo. En Arzádigos, no concello de Vilardevós, un home atopa un cuñado falecido hai un ano, que lle di que as doenzas persistentes no corpo do irmán do vivo débense a que el (o morto) se encontra dentro do corpo do dito irmán, polo que cómpre que se diga unha misa cantada á Virxe das Dores e que, no intre do erguemento da hostia, a ánima do morto abandonará o corpo, recobrando este a saúde, cousa que acontece segundo o referido. Esta idea da introdución da ánima no corpo dun vivo refórzase coa narración, na mesma parroquia de Trasalba, dun mozo, sancristán, que vela durante toda a noite a un defunto e que, dende ese instante, muda de forte a feble e amuruxado, sendo crenza común que a ánima do morto penetrara no seu interior, o cal leva á crenza coñecida como **CORPO ABERTO**.

Informe arrepiante e de impecábel beleza é o recollido en Cimadevila, na freguesía de Trasalba, no concello de Amoeiro. Un home, mullerengo, circula unha noite de lúa por un lugar situado ao pé da fonte vella. Alí ve unha muller, con vestido cinxido e dotada de espléndida figura. Engaiolado por aquel corpo, achégase, tentando establecer con ela contacto sexual. A muller resístese e o home loita con ela até ficar esmaiolado, non conseguindo, porén, nen tan sequera arrincarlle un botón do seu vestido. Durante a loita decátase que ela leva calzado cravexado, co que produce un son peculiar na area. Amedoñado, pensa, de súpeto, que a muller pode ser un ente sobrenatural, polo que esquece as súas intencións iniciais, voltando ao seu fogar. Ao día seguinte érguese e vai ao lugar onde se producira o enfrontamento, observando, abraiado, que na terra só aparecen os sinais das súas propias zocas e ningunha que correspondesen ás dos zapatos que a moza levaba.

Nesta volta ao mundo as ánimas poden verificar diferentes funcións: lembrar que se cumpran certas promesas que ficaron no esquecemento, impetrar caridades ou fornecer avisos. No caso de os seus pregos non seren atendidos, as ánimas poden adoptar unha actitude consistente en amolar con pancadas, salaios ou sustos ás xentes. Tal é o caso do acontecido na Arnoia, en terras do Ribeiro, onde se escoitaba todas as noites un teimudo bater de sinos. Os viciños acudían e non vían a ninguén. Unha noite, un home decide meterse na igrexa, agachándose no púlpito, observando, de alí a un pouco, como se abre unha sepultura, xurdindo do seu interior un esqueleto que se dirixe á sancristía, de onde sae vestido de cura. A seguir, sobe á torre e toca os sinos. Ao baixar, enuncia en voz alta a sospeita de que naquel lugar cheira a cristián, pódose, decontado, a buscar por todos os confesionarios e recantos da igrexa, atopando, ao cabo, o home agachado no púlpito. Ao velo o esqueleto demostra unha grande ledicia e, colléndoo dunha man, confésalle que el é un crego que andaba a penar, pois encarregáranlle que dixera unha misa polas ánimas do purgatorio e el morrera sen chegar a facelo. A seguir, pídelo ao vivo que o axude a dicir a misa. Así o fai o home e, cando este se dá volta cara ás bancadas da igrexa para mudar o libro, decátase que a igrexa se acha ateigada de ánimas que escoitan a misa, o que constitúe a crenza popular coñecida como **MISA DE ÁNIMAS**.

Na faceta á que se aludiu das ánimas como fornecedoras de avisos ou axudas, encádrase un relato, tamén de Arnoia, concretamente da parroquia de Remuíño. Un mozo desta freguesía ía visitar á súa namorada a Santo Amaro, lugar do mesmo concello situado un pouco mais ao norte. Ao pasar perante a igrexa da parroquia que cadra no camiño, prega polas ánimas. Un día, os mozos de Santo Amaro, métenlle unha tollena para que non volte xunto da rapaza. El, non obstante, teima na súa actitude e un día, cando se dirixe a vela, ao chegar ao lugar de Paixón, os mesmos mozos están agardando para mallar nel outravolta, mais, ao se achegaren, ven catro gardas que, ao pé do mozo, exercen sobre este protección, feito que fai fuxir os agresores. Os gardas, que resultan visíbeis aos atacantes mais que pasan despercebidos ao mozo a quen protexen, son as ánimas.

Relato semellante ao anterior é o recollido en Sergudiño, no concello de Oleiros, onde un mozo que vai ver todas as semanas a súa namorada se encomenda ás ánimas dos seus mortos ao pasar polo cemiterio d'A Touza. Co tempo, a rapariga ten un novo pretendente, que tenta convencela para deixar ao rapaz de Sergudiño. Perante a negativa desta, o aspirante decide asasinar o noivo. En reiteradas noites agarda por el na escuridade, mais o mozo vén sempre acompañado por numerosas persoas, que son as ánimas e cuxa presenza ignora. A narración remata coa aparición dunha ánima ao rapaz, conminándoo a que case xa que a protección non podería continuar indefinidamente. O relato finda co casamento e a definitiva seguranza do mozo.

Con frecuencia acontece que, cando o adulto ve a ánima, esta suspende os seus aparecementos. Nalgunhas ocasións téñense constatado presenzas de ánimas que pervagan sen poder entrar no inferno. Cando isto acontecer, a ánima apréséntase perante un vivo que, en xeral, a obriga a que se identifique como ánima ou espírito maligno. A ánima, entón, costuma explicar que se acha condenada, por culpa dos seus pecados, mais, por pórenlle un hábito sagrado cando a amortallaron, non pode entrar no Inferno, polo que prega que se lle rache o hábito. Cómpre dicir que non só portar o hábito imposibilita a entrada no outro mundo, senón tamén o feito de levar medallas, cruces ou calquera outra reliquia de xorne santo.

O esgazamento do hábito segue un ritual definido con precisión e que obedece a normas ben estritas. Hase facer cunha fouce pequena, provida de longa mangueira; racharase perpendicularmente ao chan, en sentido descendente e en dirección contraria á que vén o vento; quen o esgaza non deberá ollar, e esgazará o hábito pola espádua, xa que se o fixer pola parte dianteira, iría para o inferno co morto, segundo crenza de Listanco, na freguesía de Armeses, en Maside. Á hora de executar o acto supón unha boa axuda levar unha póla de OLIVEIRA bieita, árbore de grande eficacia, como o mostran certos exemplos da súa utilización nos ritos levados a cabo na parroquia de Saiáns, en Moraña, ou na praia da Lanzada, na parroquia de Noalla, en Sanxenxo. O correcto esgazamento da mortalla libera a ánima da súa mágoa. Ao se rachar o hábito adoita escoitarse un xuramento estarrecente, un balbordo de trono, e costuma ficar un cheiro penetrante a xofre, unha fumareda e un pequeno lameiro de auga noxenta. A ánima desaparece por unha cova que se abre na terra e que, unha vez que a engule, volta a se fechar. Téñense dados casos de morrer aos poucos días quen esgazar o hábito. É interesante subliñar a presenza no ritual do xofre que posúe a dobre característica de conexión cos mundos inferiores, quer dicir co Diabo, e, alén diso, co simbolismo alquímico de evolución da materia e, xa que logo, de purificación.

No caso de se comprobaren comportamentos anómalos na ánima, cómpre emprazala, quer dicir obrigar a que estipule as verdadeiras razóns da súa tornada. Dita tornada costuma producirse en datas salientábeis, sendo probabelmente unha das máis subliñábeis a noite de Defuntos. En moitas ocasións, a chegada das ánimas prodúcese pola chaminé da cociña, podendo recoñecerse a súa presenza polo movemento que se orixina nas chamas da lareira sen existir corrente ningunha de ar nin ninguén atizando o lume. Nos tempos antigos nos que non existía chaminé, as ánimas entraban e saían do fogar por unha columna situada no centro. Débese acá lembrar que xustamente para os celtas o día 1 de novembro constituía o primeiro día do ano e neste día celebrábase a festa do Samahim, que era festa de vivos e mortos, levándose a cabo sacrificios con diferentes fins, tales como a procreación, o vigoramento da agricultura ou a derrota do Mal, así como accións que atinxían á colectividade, do punto de vista relixioso ou político. Hoxe, na vila de Cedeira, celébrase a festa do SAMAÍN, na que o elemento central son as cabazas.

A devandita noite de Defuntos tivo e ten, en grande parte de Europa, sobranceira importancia. Pola súa posición no calendario -practicamente equidistante entre o comezo do outono e do inverno: transición dunha estación a outra- talvez induce ao pensamento máxico a crer, pola proximidade da estación dos fríos, na necesidade das ánimas se achegaren ao fogar e buscaren calor. Por tal motivo déixase en Galiza esa noite o lume aceso. Pola mesma razón resulta de má sorte varrer a cociña, xa que o feito de varrer implica afastamento (lixo, po) e por un mecanismo coñecido da maxia poderíanse afastar as ánimas, o cal carrexaría males. Polo mesmo motivo non se han pechar violentamente as cancelas, xa que pode estar unha ánima a piques de entrar e, así, mancala, crenza que parece existir noutras áreas, entre elas a eslava. Existe igualmente a crenza popular de que as ánimas teñen o costume de xuntarse ao pe das cancelas, tradición que empata estritamente cunha existente no País de Gales. Alí, a véspera de Todos os Santos, chamado o Nos Galan gaeaf, acreditábase que as ánimas dos mortos acostumaban manifestarse na meianoite ao carón das cancelas, sendo costumeiro que dita presenza se exprímise baixo a forma dunha dama branca, a *ladi wen*, aspectos que -xuntamente coa aparición da porca preta sen rabo, *hwch ddu gwta*- inducían pavura nas mentes infantís.

Tense sinalado que o encontro cunha ánima illada é sinal de morte, cousa que non acontece se se trata dun grupo. Existen aínda outros sinais de morte, entre os que sobresaie o feito de experimentar a sensación de derrubamento do fogar, a visión do que vai morrer e que se atopa lonxe, ou a visión de ramos de flores. Alén do día de Defuntos -2 de novembro- existen lugares nos que se consideran outras datas importantes de relación coas ánimas. En Luaña no concello de Brión, pregábase por elas, sinaladamente en catro ocasións: o día da Candelaria -2 de febreiro-, o Mércores de Cinza, o Xoves Santo e o devandito día de Defuntos.

Existe tamén a posibilidade de que a ánima volte ao mundo acollida nun corpo non humano, senón de animal, basilaramente abellas, bolboretas, aves ou réptis. De aí promana a crenza de que matar unha abella trae má sorte, feito que se concreta no refraneiro, que abofella que *quen mata a unha abella ten cen anos de pena* ou *quen mata a unha abella ten sete anos de pena*. Rexístrase tamén a presenza da ánima como pomba, como recolle un testemuño dunha muller que olla a reu unha pomba a fuchicar nun marco da súa finca. Aínda que a tenta escorrentar, a pomba non marcha, o que induce á muller a deducir que se trata do seu home que, en vida, desprazara un marco do seu sitio e, de morto, consciente da súa maldosa acción, volta á parroquia para a rectificar. Desde o instante que o pai da muller despraza o marco ao seu lugar orixinal, a pomba desaparece definitivamente.

Motivos semellantes de aparición de ánimas até veren cumpridos os seus mandados, poden verse no caso dun pai que deixa feitas as partillas da súa herdanza de tal maneira que o seu fillo fica fortemente desfavorecido a respeito da filla, debendo penar até a filla restituír ao seu irman a fracción correspondente para se igualaren as partes herdadas. Tamén o da muller que gañara un preito de augas apresentando falsas testemuñas. Finalmente, as ánimas poden voltar baixo formas minerais, como ocorre en relatos nos que as pedras do camiño son ánimas. Outras veces, finalmente, figuran baixo formas invisíbeis, como nos casos nos que precisan axuda para pasar un río, casos nos que o barqueiro que goberna o leme as escoita, inda que non as ve.

Tendo como eixos centrais o abellón e máis a morte, cómpre falar da antiga danza do abellón, hoxe xa desaparecida. Cando acontecer unha morte, os parentes do defunto convidaban a comida aos asistentes. Rematado o xantar, os devanditos asistentes penetraban no cuarto no que se encontraba o morto e comezaban a danza. Collidos da man, daban tres voltas ao redor do falecido, en canto imitaban coas súas voces o zumbido dun abellón. O feito de alguén parar de dar voltas, ou de emitir o son, tíñase por sinal indefectíbel de morte do protagonista desta acción. Polo que se sabe, o costume practicábase samente só nas bisbarras das Rías Baixas.

A arquitectura popular galega ten representado abundantemente ánimas nos cruceiros, en igrexas ou nos petos de ánimas, que se colocan con preferencia en camiños ou en encrucilladas, lugares onde se costuma atopar as ánimas. A súa enumeración resultaría interminábel. Pódense sinalar, embora, os magníficos exemplares barrocos de Santa Eufemia de Milmanda, en Celanova, de 1886, de Santa Baia de Anfeoz, en Cartelle, de 1839, de Lamas de Outeiro, na parroquia de Sabucedo de Montes, no mesmo concello, ou da aldea de Eiradela, na freguesía de Faramontaos no concello de Nogueira de Ramuín, de 1867. Nalgúns deles existen, traballadas na pedra, rigorosas advertencias sobre a transitoriedade da vida ou a unicidade da alma. Así en Santa Baia de Anfeoz, mediante unha inscrición, as ánimas lémbrenlle ao espectador que o que el é agora, elas foron nun tempo; o que elas son agora, el será no vindeiro. Débese salientar que, na Galiza,

non se achan, se exceptuamos os casos de Campañó-Pontevedra e Parada-Cerdedo, practicamente, representacións do inferno, senón do purgatorio, no que, aliás, nunca deixan de verse cregos, frades e bispos asolagados no lume purificador o cal implica, por unha banda, a conceptualización que ten o pobo galego dos estamentos relixiosos, sinal, talvez, do papel xogado en Galiza polo clero, sempre -agás excepcións- ao carón do poder e contraposto aos intereses populares e, por outra, unha presentación máis paritaria, máis democrática podía ser, no sentido do carácter igualitario que comunica a morte.

Alén do aspecto de colectividade que teñen as ánimas, e que aparece arreo en manifestacións como a COMPAÑA, as XANS ou a SOCIEDADE DO ÓSO, en Leiro, existe a crenza na ánima soa. Esta crenza implica que todos os humanos dispoñen dunha ánima que pode axudalos en certas circunstancias, como, por exemplo, espertalos cando teñen que facer unha viaxe, só con rezar un Pai Noso a noite anterior. Nalgures non se ten moita confianza neste acto, xa que se asocia a esta ánima co demo. A razón haina que buscar no feito de que, en realidade, o único ente que posúe unha radical soedade só pode ser Satanás.

Cómpre dicir tamén que as ánimas interactúan arreo cos humanos, como testemuña o costume de pór o cabelo nos buracos que hai nas paredes para que as ánimas veñan recollelo, ou pór na mesa, o día de Nadal, unha parella de pratos, cos seus correspondentes cubertos, para xantaren as ánimas dos pais mortos que neste día voltan ao fogar. Tamén se acostuma botar anacos de pan á lareira, que se varre con agarimo antes de prender o lume, no serán, xa que esta acción non se pode levar a cabo de noite. Cómpre, ao mesmo tempo, lembrar que a lareira, polo evidente contacto que establece co lume, presenta o carácter de lugar sagrado, podendo vermos como se utiliza para curar as doenzas dos meniños, a quen se lles pasa por riba desta peza da cociña, ou como se emprega como ente benéfico, xa que o primeiro paseo que se dá cun miúdo recen nacido é por diante da lareira. Outras veces, ofréceselle á ánima o primeiro polo da rodada. Outras, ao cabo, son os pescadores os que, ao facer o quiñón, levan conta dunha parte para as ánimas.

Chámase animeiro a persoa responsábel das tarefas que atinxen ás ánimas. O animeiro coida de tocar a morte os sinos cando se producir un falecemento, percorre os camiños para lembrar que é a hora das ánimas e que cómpre rezar as correspondentes oracións alén de apagar o lume, recolle esmolos para as misas dos que se foron, e atende diferentes aspectos do culto das ánimas, como o ter conta do aceite na igrexa, o acendemento das lámpadas e os ritos que se vencellan aos enterramentos.

Finalmente existe un relato que Chao Espina sitúa ao carón do canastro de Boborás e cuxo protagonista visual é o abade de Lesteiro (sic), topónimo este último que sospeitamos inexistente en dito concello e, probabelmente, en todo o país. Dito abade presencia en dito lugar unha comitiva de ánimas que levan ás súas costas fardeis con aparencia de conteren grande peso. O abade diríxese ao canastro e cunha luz alumina no seu interior. Alí, entre o millo, albisca cincuenta cabezas, pertencentes a homes decapitados. Ditos seres pertencían ao exército de Bernardo González del Valle, Cachamuíña, que establecera o seu cuartel xeral en terras de Boborás. A tradición sinala que os soldados entraran no canastro para saciar a fame que os posuía.

Castelao (1949: 136); Bas et al. (1985); Chao Espina (1981: 46, 94); Filgueira Valverde (1946: 33); Filgueira Valverde (1981: 161); Fraguas (1931); Fraguas (1931a); Fraguas (1974b); Fraguas (1974e); Frazer (1979: 217); García Martínez (1974a); González Garcés (1987: 218); González Reboredo (2005: 214); Mandianes (1984: 167-172); Mandianes (1990: 49-58; 70; 87-9; 159-60); Mariño Ferro (1974a); Mariño Ferro (1998: 87-91); Murguía (1982, 1: 232); Otero Pedrayo (1976); Owen (1997: 145); Polo (s.d.: 55); Risco, V. (1959: 423); Rodríguez González (1958, I: 124; 462); Sánchez García (1933: 244-45); Suárez, A. (1979: 56-7); Taboada Chivite (1982: 293); Valle (1974: 51); Vázquez-Monxardín (1994: 312)

ANTARUXÁ

Bruxa que bica o traseiro ao demo nos aquellarres.

Diversos dicionarios -Carré Alvarellos, Crespo Pozo, Eladio Rodríguez, entre outros- fornécennos a forma antaruxa, con acentuación grave. Joan Corominas, porén, seguindo a Sarmiento, propón, sen dubidar, a prosodia aguda -documentada polo frade beneditino xa en 1755, na viciñanza de Ourense e en Monterrei- considerando que o vocábulo xorde do cruce entre os sinónimos *untureira* e *xa*, con acentuación aguda, como o demostra a medida dos versos: *ou antaruxá / que beixava ao demo*. Noutros lugares dos seus textos, Sarmiento repite o vocábulo

sempre co significado de MEIGA, ao tempo que identifica o termo *xa* co asturiano *jana*. Na concepción da *xa* existen características pertencentes ás MOURAS galegas.

En Asturias, na literatura bable, existen uns entes que denominan xanas ou inxanas, na rexión oriental, e encantadas na occidental, que se semellan ao que en Galiza se coñece polo nome de donas ou MOURAS e que veñen representando as antigas ninfas das fontes. Certos relatos abofellan que as xanas se converten en serpes, ou que son fermosas mulleres de cabelo louro que pentean, como as nosas mouras, con pentes de ouro, que fían, en rocas tamén de ouro, en xeral á beira dos ríos, que os seus oficios habituais son, alén do de fiadeira, o de tecelás e lavadeiras, que posúen un fermosísimo canto e que practican o roubo de crianzas. Moitos destes aspectos partíllanos con Mari, xenio feminino vasco a quen se lle outorga un papel sobranceiro no panteón euskaldun e que vive nunha cova no cume do monte Amboto, un dos lugares máis notábeis, mitoloxicamente falando, de Euskal Herria. Por outra parte, significando en todos os casos moura ou bruxa, o vocábulo *jana* aparece nos antigos toscano ou occitano. Perante a crenza de as xanas roubaren ou trocaren os seus fillos feos e avellados polos fermosos e repoludos das lavadeiras, estas recitaban a fórmula protectora:

*Xana xanuda:
dame la mió fía regordeta
y toma la tuya revieyuda*

É crenza que a espuma que aparece nos ríos de augas máis ou menos turbulentas procede do xabón que as xanas empregan para se bañaren. Algúns relatos falan de que as xanas se encontran encantadas por mor dos seus proxenitores non desexaren que acasalaran con certos pretendentes. Así e todo, pode chegar a producirse o desencantamento -nomeadamente na noite de San Xoán- en certas fontes onde mozos namorados levan a cabo a creba dos feitizos, casando coa muller e ficando ambos dous cun tesouro abastado, como acontece no caso dos ENCANTOS galegos de certos mananciais, xa que as xanas posúen abundantes tesouros en pazos de cristal. A tradición afirma mesmo que certas igrexas asturianas, entre as que se poden citar a de Santiago, en Somiedo, posúen ornamentos que se lles subtraíron ás xanas. Para que se produza o desencantamento o home debe anobelar un fío de la ou liño que a xana lle ofrece. En xeral, o home, aborrecido do labor, remata por cansar e abandona a tarefa, rachando o fío, momento no que se escoitan saloucos que saen do interior do manancial e que laian o negativo da acción para a xana e para o propio home. Outro mecanismo que conduce ao desencantamento consiste na achega silandeira á xana, tocando o seu corpo cunha prenda de vestir, preferibelmente de liño, que tivera estado nun templo. O feito de casaren as xanas con humanos lembra, como é lóxico, as lendas galegas das XACIAS. Segundo algúns autores, no Occidente asturiano, a palabra *xana* designa o concepto galego de "charca" ou "poza".

En Portugal, onde o mito das mouras posúe unha grande intensidade, espállase até o sul o concepto de *xana*. Entre os algarvíos, unhas mulleres chamadas *Jãs* ou *Jans* teñen a capacidade de obteren fiados sen traballaren. Para iso deixan na cinza do lar un pouco de liño e un bolo de pan. Á mañá seguinte, o liño está fiado cunha grande fineza. Se lles esquece deixar o bolo de pan, entón ao día seguinte o liño aparecerá queimado.

Parece contrastado que a palabra deriva de Diana, deusa da mitoloxía clásica. Neste sentido cómpre lembrar que Diana posuía o seu templo máis salientábel en Aricia, ao pé do lago Nemi, o que, en certa maneira pode confirmar o carácter inicial da deusa, divindade da natureza. Alemparte, convén lembrar que, na Idade Media, Diana se tiña por xefa das bruxas, supóndose que estas desenterraban os mortos e utilizaban os seus ósos como frautas no AQUELARRE, o que empata coas descrições da Arnoia antes sinaladas nas que aparece a figura dos ósos de defuntos. Ao mesmo tempo, existiu, en tempos medievais, unha humilde divindade rural chamada Diana.

Barandiarán (1984: 128); Castro Pires (1959-60); Corominas, Pascual (1980, V: 849-50); Cotterell (1990: 195); Falcón, Fernández-Galiano, López (1985); Ibero (1945); Sánchez García (1933: 214)

ANTIOQUÍA

Cidade que, coñecida baixo diferentes nomes, sinaladamente VALVERDE ou Lucerna, existiu, nun tempo primordial, na chaira da Limia, no lugar onde se achaba a lagoa de Antela -diminutivo do termo galego anta sinónimo de dolme ou arca- masa líquida submetida a posterior proceso de desecación.

En diferentes fontes e santorais, a cidade aparece tamén cos nomes de Anfiloquia ou Armenia. Situada, para certas fontes, na viciñanza de Xinzo e para outras nos arredores de Sandiás, resultou asolagada pola súa impiedade, pasando, por tanto, a formar parte do conxunto de CIDADES MERGULLADAS. Como noutras cidades que figuran baixo as augas, poden verse, no Pozo da Meiga, as torres sineiras das súas igrexas en días sinalados, así como escoitar o seu repenique. A isto podemos acrescentar que a cidade comunicaba coas torres defensivas de Sandiás e A Pena por meio de galerías soterradas ateigadas de TESOUROS, o que fai empatar os temas referidos a Antioquía con outros ligados ao folclore dos MOUROS. Na cidade naceu MARIÑA que, co tempo, chegou a se converter nunha santa notábel.

A Antioquía galega posúe o mesmo nome que a cidade de Asia Menor que, durante a primeira cruzada, foi conquistada polos cabaleiros cristiáns. A cidade asiática, hoxe pertencente a Siria, posúe unha lenda semellante á galega, segundo a cal unha cidade se acha alí afundida baixo as augas. E igualmente, en correlación coa lenda do nacemento de Mariña, na Antioquía oriental céntrase o lugar de marteiro de Margarida. Co mesmo nome de Antioquía, novamente, o mito volta a aparecer no Mediterráneo, perto da cidade de Cádiz. Ao cabo, Anfíloco, neto de Tiresias, e, como este, posuidor do don da adiviñación, participa na expedición dos Epígonos contra Tebas. Funda a cidade de Malo e, segundo unha lenda, foi o fundador da cidade de Antioquía, asolagada no lago Bión, situado moi perto de Xinzo de Limia. Bouza-Brey e Cuevillas suxiren que o nome de Antioquía da Galiza, referida ao mito, talvez poida ter relación cos terremotos que nos séculos III e IV asoballaron á cidade siria, feitos que produciron arrepío no mundo cristián. Os mitos e lendas de cidades mergulladas pertencen á tradición da pasaxe de Xesucristo, a Sagrada Familia ou outros santos, polo mundo, tempo no que levan a cabo diferentes maldicións.

A primeira interpretación do asolagamento da cidade, común a outras cidades galegas, é a de que os moradores da Antioquía da Limia asoballan as xentes da viciñanza, son crueis e non posúen caridade ningunha. Perante esta situación, Deus decide o seu castigo, mais Cristo teima en salvar as persoas xustas que se acharen nela. Por ese motivo vén a terra e, adoptando o feitío dun mendicante, percorre, casa por casa, toda a vila pedindo esmola. Sen conseguir axuda de ninguén, abandona xa Antioquía cando, entre unhas árbores, albisca unha choupana na que se acha unha vella que o fai parceiro do seu exíguo xantar: unha cunca de leite de cabuxa, que alí mesmo muxe para el, e un anaco de bica. Fornécelle ademais durmida baixo o seu teito. Na amañecida do seguinte día, Cristo móstralle á anciá o lugar no que estaba a cidade e que agora ocupa unha lagoa. Nesta versión volven repetirse as referencias ao día de San Xoan e de Noiteboa, nos que é de grande importancia salientar que coinciden cos respectivos solsticios de verán e inverno, o que nos remite a tempos e crenzas anteriores ao cristianismo. No día de San Xoan, prosegue a lenda, cando a primeira raiola do sol bate na lagoa, pódense ver as torres da igrexa. No de Noiteboa escóitase con claridade o canto dos galos. As veces introdúcese a modificación de que, cada sete anos ou cada nove, ambos os números de carácter máxico, as cousas voltan para o seu estado inicial e a cidade torna á vida e á actividade que tivera en tempos, aínda que todo este movemento é efémero e ilusorio, produto dun encantamento momentáneo. Ao cabo, o feitizo pasa e, novamente, o silencio cae sobre a cidade. Este tema apresenta, máis unha vez, a constancia do carácter cíclico do tempo, quer dicir, o mito do eterno recomezo. Tense sinalado que as xentes que moran baixo as augas da lagoa non son outros que os moradores da cidade asolagada, que están a penar os seus pecados e que non están mortos, senón nun estado fantasmal, baixo forma encantada. Deste punto de vista, o estado no que se achan as cidades mergulladas galegas resulta equiparábel ao que sofre a protagonista do coñecido conto *A bela adormecida*.

Unha variación deste relato asevera que a cidade non se mergulla baixo dunha lagoa, senón que sofre a acción dun tremendo diluvio, o cal é unha proba máis da semellanza formal que comportan as ideas de asolagamento e dioivo, todos dous correspondentes a un mesmo enfocamento: as AUGAS como elemento purificador e rexenerador.

Aínda unha outra versión muda as anteriores, dando por certo que o afundimento é consecuencia de se negaren os poboadores da cidade a aceptar a doutrina de Cristo. Este relato amosa, aliás, a novidade de que a cidade se vai asolagando paseniñamente. Igualmente nela se

escoitan o canto dos galos e voces de persoas que se laian da desfeita. En certos casos, cóntase que se poden ollar os cataventos das igrexas que posúen forma de galo e que cantan para lembrar a desfeita que alí aconteceu.

Unha segunda liña lendaria é a que supón que a cidade se entrega á idolatría, resultando afundida. Dito afundimento prodúcese xustamente cando a ela arriban o caudillo galo KORNTERRIBEN e as súas xentes. Por outra parte, o tema do asolagamento ten unha notábel correspondencia na Bretaña na cidade de KER IS.

García Martínez (1974); Lorenzo Fernández (1948); Risco (1946); Rivas Quintas (1991: 100); Taboada Chivite (1982: 225-30)

AÑO BRANCO v. PORTA DO MOURO

APALPADOR

Figura pertencente ao tempo de Nadal, que recibe noutras zonas o nome de Pandigueiro, e que é equivalente ao escandinavo Santa Claus, ao Tió de Nadal catalán ou ao Olentzero vasco.

No presente existen testemuños da súa presenza nas comarcas de Ancares, Quiroga, Sarria, Terra de Trives ou Valdeorras, aínda que cabe supor que o seu espallamento no pasado atinxiu toda a xeografía nacional galega. Cómpre lembrar que costumes relacionadas coa acción do Apalpador relátaas Taboada Chivite na comarca de Verín, onde, en Noitevella, se celebra a chamada noite do apalpadoiro, cuxo nome procede de os viciños se apalparen o ventre, para comprobaren se posúen reservas para todo o ano.

Fisicamente, a representación do Apalpador é a dun carboeiro XIGANTE -do que algunhas versións sinalan que se alimenta de porco bravo- o cal, baixando das devesas ou montañas nas que mora, chega o 31 de decembro pola noite ás casas dos humanos e apalpa- de aí o seu nome- os ventres das crianzas que dormen nos seus leitos, co obxecto de coñecer o seu estado de fraqueza ou vigor. Unha vez coñecido dito estado, o Apalpador tira do seu saco o agasallo, consistente nunha presada de castañas. No caso das crianzas fracas, o Apalpador ficará en silencio, acompañando o agasallo, se cadra, por unha certa pesadume. Para as repoludas se explana o desexo de ficaren da mesma maneira todo o ano. Certas informacións, porén, sinalan que as castañas se outorgan só aos miúdos fracos, para estes engordaren, en canto que aos restantes lles é entregue carbón para quentaren o fogar. Coa chegada do abreinte, regresa ao seu fogar: unha cabana situada en cumes inaccesíbeis.

O desasosiego xerado entre as crianzas pola vinda do Apalpador, fai estas abalaren nos seus leitos. Para os miúdos poderen acougar, os adultos cantaban cantigas como a que segue, recollida no ano 1994 en Romear, aldea da freguesía de Esperante, no Courel:

*Vaite logo meu menin (ou meniña)
marcha agora p'ra camiña
que vai vir o Apalpador
a palparche a barriguiña.
Xa chegou o día grande
día do noso Señor.
Xa chegou o día grande
e virá o Apalpador.
Mañá é día de cachela
que haberá gran nevarada
e ha vir o Apalpador
cunha mega de castañas
Por aquela cemba
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para vos dar o aguinaldo.*

O Apalpador constitúe a forma presente dunha antiga divindade pagá, na que non é difícil albiscar as súas funcións protectora e benfacexa. Débese salientar que o feito de se tratar dun

carboeiro, quer dicir, persoa que muda materias vexetais nun elemento fornecedor de luz e calor como é o lume, así como o seu papel de subministrador de alimentos, outorgan ao Apalpador o perfil dunha figura que apregoa fartura, sorte e amparo, en contacto co Sol, elemento igualmente doador de calor, luz e colleitas. Non deixa de ser significativo, por outra parte, o carácter do Apalpador como axente que se mantén de porco bravo, o cal o pon en conexión coa tradición da matanza do porco, elemento fulcrado no inverno galego.

O personaxe -o mesmo que acontece co SAMAIN ao respecto de Halloween- áchase nun proceso de clara recuperación por parte da sociedade galega.

López González (2008) : "O Apalpador, personagem mítico do Natal galego a resgate", en: www.pglingua.org/images/stories/pdfs/2008/20061231_o_apalpador_jose_andre_lopez.pdf; www.enc.zedtrabat.info/w/gl/Apalpador; www.apalpador.net/03/index.html; www.galiciaencantada.com; www.apalpador.com; Taboada Chivite (1982: 130)

APARICIÓN

Visión, por parte dun vivo, dun ser de natureza espectral, extranatural ou imaxinaria en situacións que, xeralmente, desembocan na morte ou nunha conxuntura na que o vivo se acha moi perto do seu propio falecemento, que evita por intercesión dun terceiro.

Pertencentes ao xénero que desemboca na morte áchanse certas lendas recollidas na bisbarra da Arnoia nas que se poñen de manifesto as funestas repercusións que teñen as actitudes fachendosas verbo dos moradores do Outro Mundo.

A primeira relata a cea que celebran cinco amigos, un dos cales convidara os outros catro. A medianoite acaban co viño, polo que deciden que alguén debe ir á adega, que fica afastada ao cabo dun camiño que pasa rentes do cemiterio. O mozo que correra coa invitación, de características afoutas, decide ir el propio polo viño, ao tempo que promete convidar tamén aos que estean no camposanto. Ao beirear o cemiterio, o mozo ve unha figura branca que alí se encontra e convidaa a cear, convite que a figura acepta. Ao chegaren á adega, o mozo dille á figura se desexa beber, cousa á que a ÁNIMA resposta de maneira afirmativa, baleirándolle unha xerra inteira. Repetido o ofrecemento por parte do mozo, a branca compañía baleira, unha tras doutra, varias xerras, até que o mozo, canso, négalle máis bebida, emprendendo, a seguir, o camiño da casa, seguido pola ánima. Ao pasaren outramente ao pé do cemiterio, a figura aconséllalle que nunca máis convide pola noite a ninguén, xa que esta acción lle pode custar cara, confesándolle a seguir que é seu pai. O mozo, arrepiado, ao chegar ao fogar, déitase no seu leito, falecendo ao seguinte día.

A segunda refire un caso semellante: un home ten por costume, se encontrar un óso no adro da igrexa, darlle unha patada. Certo día bate nunha caveira que, polo efecto da pancada, se revira para el. O home, facendo alarde de afouteza, convida á caveira a cear esa noite. Á hora sinalada a caveira apréséntase e o home convidaa á súa mesa dicíndolle que pode cear, xa que alí ten prato. A caveira contesta que non vén cear, senón que o vén levar para cearen xuntos no camposanto, arrastrándoo a seguir até este lugar.

Existe aínda unha terceira narración que trae á lembranza o tema de don Juan Tenorio, de Zorrilla, cando se produce o diálogo entre don Juan e dona Inés. Na lenda galega, unha parella de noivos marchan cara a igrexa o día do seu casamento. No seu camiño atopan un mozo que fora antigo noivo dela e que tivera amores con outras mozas da aldea. O antigo mozo, ollando para a parella pronuncia as palabras: *Ela é boa moza, mais...*, palabras que, como no caso da lenda do CRISTAL, sementan a desconfianza no futuro marido que, alí mesmo, perante o abraio da noiva e do acompañamento, decide que non se celebre a voda. Como consecuencia da aldraxe e da vergoña, a rapariga falece. Vana soterrar á igrexa, onde fica unha noite, agardando que ao día seguinte se celebren os funerais.

Arrepentido, o causante da desgracia vai confesar, e o crego imponse como penitencia que pase a noite na igrexa onde se acha o cadaleito cos restos de quen fora a súa noiva. Mal entrara na igrexa, cando a defunta, incorporándose na caixa, lle di: *pola túa lingua malvada, non estou agora ben casada*. Ao rematar a frase, aparecen no altar maior un cura misando e dúas freiras a carón del. A rapaza prosegue, dirixíndose ao que fora o seu mozo, dicíndolle que aquel crego e aquelas dúas monxas son os fillos que ela ía ter e que el, coa súa acción impediu. Anúncialle que

aquela misa que están a dicir é pola alma do que fora o seu noivo que haberá morrer antes de dous días, predición que se cumpre estritamente.

Este tipo de relatos que, como se ve, rematan de maneira funesta, teñen equivalentes que adoptan unha fin menos desgrazada. Así ocorre no caso da parella de recién casados cuxo noivo convida a cear o morto dun enterro co que se atopan no camiño vendo, magoado, como o finado acode ao convite, convidando ao tempo o mozo afouto á cea no seguinte día no camposanto. O mozo, aflixido, vai pedir parecer ao abade, que lle aconsella que acuda á cita, que ha repetir ao longo de tres noites. O crego, embora, suxírelle que a terceira noite o mozo vaia cunha chea de migallas e que, ao dar ás doce, segundo se comece a abrir as campas, vaia deitando no seu interior unha farangulla, co que as campas se irán fechando, incluída unha que lle estaba reservada.

O mesmo ocorre co convite da caveira á que, esta vez, o mozo convida ao xantar do seu casamento, circunstancia que a caveira cumpre, apresentándose baixo a forma de esqueleto e convidándoo a asistir a unha festa ao lugar do que ela procede. Ao seguinte día, un vello que chega ao fogar do mozo pedindo esmola -e a quen o rapaz socorre con xenerosidade- dalle a solución para se librar da morte: deberá de ir á cita provido cunha póla de OLIVEIRA e un pau de CARBALLO. Co pau deberá facer un círculo no chan, no interior do cal terá de situarse, e, a seguir, perguntar á caveira se pode facer algunha cousa pola súa alma ao tempo que lle roga o perdón. O método xera a consecuencia de o mozo salvar a súa alma, ao tempo que coñece que o vello socorrido trátase do pai de quen en vida fora a caveira.

A lenda repítese noutras ocasións, con lixeiras variantes, como a da caveira que, ao acudir á cea, se mostra como un esqueleto sen cabeza. Neste caso, protagonizado por un mozo fidalgo orfo, desapiedado e irrespetoso cos mortos, que vive nunha casa rural coa única compañía da súa irmá e criados, dá orixe a unha orixinal variación, consistente na creación dun topónimo. Con efecto, despois dun argumento semellante aos acá descritos, o esqueleto aconsella ao xove fidalgo que a súa alma ceda á compaixón polos mortos, á verdade e ao amor. O fidalgo, despois dun tempo coa razón trastornada, reparte, en arrepentimento, parte das súas terras entre os máis necesitados e estes chaman a esas terras Almaceda. Esta lenda será, por tanto, a xustificación mítica da aparición da freguesía portuguesa homónima, localizada no concello de Castelo Branco, na Beira Interior. Leandro Carré considera esta lenda de orixe galega.

Unha aparición de especiais características é a que se manifesta como figura humana fraccionada. O relato que define esta situación refire a espera dun soldado na noite, agardando por un aparecido. Cando este se mostra, faíno deixando caer sucesivamente sobre a lareira -ao pé da cal se acha o soldado- pernas, brazos, corpo e cabeza que, finalmente, se reagrupan para comporen un corpo humano que, unha vez reconstituído, dá as grazas ao soldado por telo liberado do seu penar. En agradecemento, deixa a casa e o lugar ao militar. Outras aparicións arrastran a súa penitencia carregando cunha pedra no lombo que abandonan, por fin, cando algún lles dá a orde concreta de a pousar.

Moitas outra veces, as aparicións teñen como obxectivo a reivindicación de aspectos incumplidos, mostrándose de diversas maneiras, entre outras a manifestación a través de espellos. Así acontece no caso dun mariñeiro de Corcubión que, xunto co seu fillo, desaparece no mar. A muller e mai, coa confianza de ambos os dous non morreren, non ofrece as misas de rigor, até que a presenza dos dous homes se concreta en forma de dous frades reflectidos nun espello do fogar. Diante da repetición desta presenza, a muller acaba por asumir a morte dos seres queridos, deduce que o aparecemento equivale á petición de misas e ofrece estas, co cal as aparicións deixan de visitala. Este mesmo procedemento relátase nun caso no que unha face dun home, chea de tristura, xorde dun espello embazado. Cando a súa viúva, que comprende a mensaxe, ofrece misas en distintas igrexas, o home volve a manifestarse só unha vez, con rostro satisfeito, para, decontado, desaparecer para sempre.

É frecuente os mortos encargaren aos vivos cumprir promesas que aqueles non puideron facer en vida, como o home que adquirira o compromiso de ir á romaría dos Milagres de Amil, compromiso que a morte bloqueou e que volta do outro mundo para pedir á súa muller que vaia no seu lugar. Existe aínda un grupo de aparicións que exprimen aspectos solidarios, como mostran os relatos de nais que, perante o escaso xeito do seu home viúvo para atender as tarefas do fogar, voltan á terra para lavaren, arranaxen ou faceren o xantar das crianzas. Xeralmente, esta acción vese interrompida cando o pai, sospeitando que alguén se está a facer carrego dos miúdos, fica a espreita e consegue ver a que fora a súa muller en vida, instante no que esta

desaparece para sempre. Outras veces son os avós os que tornan á terra para axudar os netos -en perigo por exemplo, pola ameaza do lobo- que os recoñecen, inda que non lles falan, polos seus vestidos e tamén por algún detalle persoal que se lle puxera cando os amortallaran. Esta solidariedade alástrase a feitos como pór no seu lugar marcos de fincas movimentados, escorrentaren pestes, atraeren a chuva en tempo de seca ou facilitaren o aparecemento de obxectos perdidos.

Como consecuencia das aparicións, os humanos poden perder a fala ou enfermaren, chegando mesmo a falecer se non se atenden as peticións do morto. Este aspecto propágase aos animais caseños que se ven ameazados con perder partes do seu corpo, como lle acontece a un becerro a quen lle cae o rabo por non se satisfacer as peticións dun defunto da casa.

As aparicións acostuman presentarse baixo forma de luz estraña que, ás veces, é de ton azulado e outras branco ou vermellizo, desfrutando do don da invisibilidade, aínda que algúns humanos poden albiscalos ou sentir a súa presenza. Coñécense casos nos que o morto aparece con fasquía de pomba aínda que a face é o do falecido, así como de mulleres silandeiras que non respostan os saúdos que se lles dirixen e que se achan totalmente vestidas de branco.

Dunhas ou outras maneiras, as aparicións maniféstanse en diferentes situacións ou fasquías, entre as que salientan as ÁNIMAS, a ESTADEA, as PREMONICIÓNS DE MORTE, a COMPAÑA, a SOCIEDADE DO ÓSO, ou as XANS.

Carré Alvarellos (1988: 129-36); Fraguas (1990); Mandianes (1990: 89); Mariño Ferro, X.R. (1998: 43-55; 79-85); Sánchez García (1933: 244)

AQUELARRE

Reunión de meigas co diabo, coñecido igualmente polo nome de parlamento das meigas.

O termo procede do euskara akelarre -literalmente prado do bode- que, á súa vez, define unha pequena chaira situada perante a cova de Zugarramurdi -Akelarren-leze: cova do akelarre- en cuxo interior existe un buraco, semellante a unha xanela, desde onde o DEMO adoutrinaba as bruxas que alí concorían. O nome fai referencia á manifestación do diabo baixo a forma de bode ou cabrón. Atinxiron notoriedade os procesos contra as bruxas de Zugarramurdi, levados a cabo contra case trescentas persoas vascas acusadas de MEIGAS e de practicaren metamorfoses, tempestades, maleficios contra os campos e animais, doenzas, necrofaxia, vampirismo e mortes. Sete persoas morreron na fogueira.

Entre o pobo galego, o mesmo que na xeneralidade de culturas europeas, creuse na xunta periódica das meigas, as CHUCHONAS, ou a ANTARUXÁ co demo, reunión que se leva a cabo normal aínda que non exclusivamente o sábado pola NOITE. Certos lugares como FONTES - ás veces situadas ao carón dos CASTROS- ou, sinaladamente, areais, como o de Coiro, n'O Morrazo, ou o monte PINDO, adquiren especial relevancia na celebración deste ritual.

Barandiarán (1984: 12); Caro Baroja (1988: 219-28); Rodríguez González (1958: 206)

ARA

Altar. Lugar onde se ofrecen sacrificios

A certas aras antigas apóñenselles diversas cualidades. Na igrexa de San Paio de Antealtares, en Compostela, existe unha ara de mármore branco na que, segundo a lenda informa, os discípulos Atanasio e Teodoro deitaron sobre o SARTEGO que contiña o corpo do apóstolo Santiago. A tradición refire que nela existía unha inscrición que se eliminou polos contidos pagáns que explanaba.

Tirando un anaco deste altar obtense o AMULETO coñecido como pedra de ara. Dito fragmento ten a capacidade de combater eficazmente doenzas como o MAL DE OLLO ou o MEIGALLO. Entra, igualmente, a formar parte dun amuleto, ou asociación deles, coñecido como BULSA DOS ADOBÍOS.

Rodríguez González (1958: 208)

ARA SOLIS

Mesa, altar ou ara do sol. Situada, posibelmente, no extremo do cabo Fisterra no lugar que talvez fose o promontorio Nerio, e erguida polos caldeus en honra do sol, astro por eles adorado. A orixe da lenda sitúase nas antigas Grecia ou Roma.

Dita lenda refire que o pobo caldeu, que adora o sol, decide certo día pescudar o esconderixo do astro durante as horas da noite. Abandonando os seus lugares natais, os caldeus comezan o seu camiño cara a Occidente. O derradeiro lugar ao que chegan é Galiza, onde se decatan de que o mar lles impide continuar o avance, ao mesmo tempo que descubren, con arrepío, que o Sol se asolaga no océano, arrepío que, moito tempo máis tarde, haberá compartillar, segundo os relatos lendarios, o xeneral romano Décimo Xunio Bruto. Convencidos os caldeus de que entre as augas pasa o astro adorado as horas da noite, deciden construír naquelas terras que penetran no océano un altar ao que poñen de nome Ara Solis. O devandito altar perdura até a chegada do apóstolo Santiago, que o derrama pola pegada pagá que supón, construíndo coas súas propias mans o primeiro templo.

Pola súa veciñanza, a ara establece certas relacións coa viciña DUIO. En certas narracións vinculadas co mito do apóstolo Santiago, a raíña LUPA envía a Atanasio e Teodoro a falar con FILOTRO, rei ou régulo de Duio, aínda que outras versións sinalan que os envía a falar co sacerdote da Ara Solis. Mesmo o apóstolo é o responsábel da destrución da ara, irado pola adoración da que esta desfruta. Sexa como for, dunha maneira ou doutra, semella constatable a relación entre Santiago e a Ara Solis, como demostra a prolongación da peregrinaxe desde Compostela a Fisterra.

Lanza (1953: 19-20); Rodríguez González (1958: 210)

ARAÑA

Insecto aracnídeo.

Trátase dun dos exemplares do mundo zoolóxico capaz de transmitir o GOXO ou coxo. Transmisora, igualmente, do chamado AR de araña, doenza que se acostuma curar, segundo unha información recollida en Padrenda, mediante a aplicación de cinza cunha vasoira de xesta na zona infectada, ao tempo que se recita o esconxuro seguinte:

*Coxo losoiro,
vaite de aquí.
Se es de pita,
vaite ao poleiro,
se es de sapo, araña ou zaramela,
volve á terra.*

Polo feito de a araña apañar insectos que aboian no ambiente, tívose na Antigüidade por purificadora do ar. Certas informacións sinalan que o mecanismo de captura de moscas que as arañas levan a cabo, depois de aquelas teren caído na arañeira, ten o su fundamento na execución dunha danza por parte da araña. A mosca fica sufocada, en canto a araña segue a bailar, até conseguir matar a súa presa. A crenza nestas características purificadoras da araña fan que se empregara a arañeira como emplasto para frear hemorrxias. Existe igualmente a tradición que acredita que este arácnido é un bo barómetro, xa que sinala bon tempo cando sobe polas paredes e mau cando baixa.

Aparece como un feito constante no pensamento máxico o enfrontamento entre a SERPE e a araña. Unha antiga narración dá conta do funcionamento dos mecanismos máxicos transmisores de veneno que se poñen de manifesto na relación entre os ditos animais. Segundo o relato un espectador contempla como unha araña de tamaño grande que está nunha silveira desce periodicamente para trabar nunha serpe que se acha no chan. Cando isto acontece, a serpe vai axiña trabar nun cardo e volta ao seu sitio. Depois de acontecer o relatado tres ou catro veces, o espectador arrinca o cardo. Cando a serpe, depois dunha nova mordedela da araña, vai trabalo, morre supetamente ao non poder realizar dito acto.

Lis Quibén (1980: 45, 58, 60); Risco (1947); Rodríguez González (1958: 210)

ÁRBORE DAS TRES TORONXAS

Árbore chamada toronxeira, cuxo fruto é a toronxa. Ao redor dela articúlase un relato no que a presenza das moursas -idioma non galego, constatación do cheiro a carne humana- e a competencia sexual polo home fanse presentes.

Nunha ocasión o fillo dun rei chega de cazaría cando ve unha MOURA que tenta crebar cunha machada unha cruz. O mozo diríxese a ela, rifándolle pola súa actitude. A moura resposta nunha linguaxe inintelixíbel. Pelexan e, ao cabo, o fillo do rei consegue tirarlle a cruz das mans. Entón a moura fala outra vez en lingua estranxeira e, despois, dille: ¡Inda vaías dar á árbore das tres toronxas!

Dende aquel día o mozo devece por coñecer a árbore, de tal maneira que, pasado un tempo, monta no seu cabalo Pensamento e bota a andar. Chega a unha casa no que mora unha muller moi vella, á que lle pregunta onde se atopa a árbore desexada. A vella resposta dicíndolle que o ignora, inda que sabe que fica moi lonxe, mais que a súa filla máis vella habería de o saber. Cando chega a filla, despois de dicir que tiña moita fame e -antes de ver o mozo- que alí cheira a carne de home novo, manda o fillo do rei á Casa do Sol. Neste lugar, onde descoñecen a exacta posición da árbore, mándano á Casa da Lúa. Igualmente, na Casa da Lúa, envían o protagonista da historia á Casa do Ar, dicíndolle que o propio Ar o conduciría para o lugar desexado. Chegado o mozo á Casa do Ar, este dille gostoso que o acompañará. Percorren a grande velocidade variados lugares, até chegaren a un fermoso xardín, onde, certamente, se acha a árbore que o fillo do rei arelaba. O mozo colle as tres toronxas e comeza o camiño de volta.

Por mor da corrida e o po da cabalgada, o xove sente sede. Ao non achar manancial ningún, ocórreselle, daquela, comer unha das tres toronxas que leva. Ao abríla aparece unha fermosa moza que lle pregunta se ten auga para se lavar, espello para se ollar e pente para se pentear. O fillo do rei resposta negativamente. A doncela, despois de lle dicir o que tal perdera, desaparece. Aguilloado pola sede, o home abre a segunda toronxa e os acontecementos repítense de maneira exacta. Desexando escudir aquel feito por terceira vez, procura un espello e pentes, deténdose ao cabo ao pé dunha fonte, onde abre a terceira toronxa. Como nos dous casos precedentes, a fermosa muller fai a mesma pregunta. Ao ver o seu desexo satisfeito, fica cabo do fillo do rei, que casa con ela. Manda novas ao seu pai de todos os acontecementos, agardando que o seu proxenitor o chame.

Despois dun certo tempo, a moza ten un fillo. O rei manda chamalos e pai, nai e meniño emprenden o camiño á corte. Case chegando ás terras do rei, nunha fonte, á beira da cal se atopa un carballo, o mozo ordena á súa muller que fique alí, en canto el vai por unha carroza, facéndolle o encargo de que non a vise persoa ningunha.

A nai fica alí coa súa crianza. Mais chega á fonte a moura do comezo da historia que comeza a aloumiñar o miúdo. A seguir dille á nai que, se quixer, lle tería feito un belo penteado para cando o seu home viñer. A muller, engaiolada, non pon obxección ningunha á proposta da moura. Esta, aproveitando o manuseo que fai no cabelo da moza, espétalle na cabeza unha agulla enmeigada. A moza, virada pomba, voa deica o carballo, mentres a moura se apodera do neno e ocupa o lugar da nai.

Ao chegar o fillo do rei, pergúntalle á moura, acreditando que era a súa propia muller, como adquirira unha fasquía tan noxenta. A moura respóstalle que, dado que el tardara moito tempo, o sol lle queimara a pel. Diríxense todos tres ao pazo do rei, o cal amosa desagrado perante a fealdade da súa nora, ao tempo que o seu fillo fica envergoñado. Porén, a moura, con grande oufanía, ocupa a casa.

Dende aquel día, unha pomba chega a miúdo a preguntar ao xardineiro do pazo polo fillo do rei, pola moura e pola crianza, ao tempo que se laia da soidade na que se acha a nai do neno. Coñecedor destas visitas o mozo, ordena apañar a pomba, dando ordes de que non se lle faga dano. Cada unha das visitas da pomba ao fogar van acompañadas polo desexo da moura de matar a ave. Un día, o fillo do rei, en canto a acariña, descóbrelle a agulla que aínda ten cravada. Tira dela e o encantamento desfai, voltando a muller para o seu estado normal. O rei ordena guindar á moura nunha caldeira de óleo a ferver, producíndose así a súa morte.

Carré Alvarellos (1964: 136-40)

ARCO DA VELLA

Fenómeno atmosférico en forma de arco de cores creado pola descomposición da luz, ao incidir o sol sobre a chuva, a poalla ou a néboa. Outros nomes polo que se coñece son os de arco de lúas, arco do ceu, barco da vella, circo da vella, marco da vella, ponte coloreada, risco da vella ou seña da auga. O termo arco da vella recóllese tamén en Portugal.

Taboada Chivite asegura que na bisbarra de Monterrei diferénciase, cousa que non se fai noutras partes, entre as dúas rexións do arco da vella, chamándolle á rexión máis escura arco das vellas e á máis clara, arco das mozas, diferenciación que se recolle na cantiga:

*Arco das mozas,
cheo de pozas;
arco das vellas,
cheo de pedras.*

Crese que zuga as augas de ríos ou mares, quer para beber delas, quer para trasfegalas cara a outros lugares. Neste sentido, a manifestación do arco da vella supón un intento de explicación dun fenómeno natural, xa que se supón que, ao beber nunha superficie líquida, procede a deslocalar auga para outro lugar que, posteriormente, zugará e, en forma de chuva, deitará sobre as terras. Ao mesmo tempo, supóñenselle no País propiedades animadas, como a de baixar á terra e apoderarse de nenos ou mozos, de onde semella proceder o dito:

*Arco da vella
vaite de aí
que as nenas bonitas
non che son p'ra ti:*

Este entorno máxico que o arrodea vese confirmado pola crenza de que no arco da vella poden vivir as MEIGAS, que ocupan ese lugar de visión privilexiado para favorecer ou prexudicar a quen desexen. Un relato procedente de Moraña dá conta de que en certa ocasión se atopaban os membros dunha familia sachando nun campo, cando, de súpeto, comezou a escurecer, ao tempo que comeza a chover con xenerosidade. Entón apareceu o arco da vella, que tiña un dos seus extremos pousados sobre dun regato. No centro do arco existía un buraco e alí había uns pequenos seres, vestidos con roupas femininas de cor vermella, que tiñan unha fasquíia sinistra: posuían corpos fracos e febles, con longas guedellas, que, entre rayos, deitaban amplas sombras sobre a leira. Eses seres emitían sons máis semellantes a gruñidos que a voces humanas, ao tempo que se movían insistentemente, frotaban a face e movían a cabeza, creando unha penumbra na que se mergullaba a leira e unha cena entre luminosa e escura. Ao tempo, movían o arco da vella, levándoo dunha parte a outra. Pouco tempo despois, a familia que traballaba na finca decatouse de que todo o conxunto desaparecera e viu perante eles unha angarella na que se atopaban sete mulleres, pretas como tizóns, de corpos mirrados e de cabelo pedrés. Os camponeses pronunciaron certos esconxuros, por se se trataba dalgunha aparición, mais as mulleres ficaban no mesmo lugar, aínda que algunhas tapaban o rostro como se desexasen non ser recoñecidas. Os labregos remataron o seu traballo, en canto pensaban que toda aquela visión, era unha rexouba creada por algún ser rebuldeiro. Cando, ao remataren, bateron cos sachos no chan, para tirarlles a terra, viron en cada un dos sachos as súas faces, que eran fermosísimos e esplendorosos. Tentaron daquela coller o arado, mais este ficaba inamobíbel, xa que apresentaba un peso extraordinario, feito que trae ao recordo o incremento de peso que acostuman, inesperadamente, experimentar o DIAÑO BURLEIRO ou o TARDO. Entón fuxiron cara aos seus fogares. Ao seguinte día voltaron ao lugar e atoparon ás sete mulleres turrando do arado, mentres cantaban *somos sete meigas / que andamos no arco da vella*.

Este aspecto prodixioso do arco da vella, asociado a forzas ultraterrenais, confírmao a copla popular:

*Cando chove e máis fai sol
vai o demo pra Ferrol
cargadiño de culleres
chamando polas mulleres.*

Existe unha crenza que vencella o arco da vella coa fin do mundo. A fin do mundo haberase producir por un diluvio de lume, da mesma maneira que houbo un diluvio de auga. Ambos os dous diluvios están reflectidos no arco da vella. A cor azul que existe neste fenómeno atmosférico

simboliza o diluvio de auga; a vermella, o de lume, pola lóxica asimilación dos dous elementos coas devanditas cores. Os camponeses alemáns acreditaban que, cando se achegue o cabo do mundo, a fame e a seca durarán corenta anos e, ao longo desta xeira, non se albiscará o arco da vella. Para alén do dito, diferentes mitoloxías coinciden coa idea que exprime a denominación galega de ponte de cores. Así, a morada dos deuses na mitoloxía xermánica conéctase coa terra por meio dunha xigantesca ponte, chamada o Bifrost, que é o arco da vella. Os eslavos represéntano como un dragon bebendo auga, o cal lembra a crenza galega do arco da vella como un ser que bebe en correntes ou mananciais.

Alonso Montero (1974); Folgar Crestar (1975: 269-71); Fuentes Alende (1985); Grimal (1973: I, 42, 96, 103); Risco (1943-4); Rodríguez González (1958: 214); Taboada Chivite (1949)

ARRESPONSADOR Persoa que recita RESPONSOS ou oracións a diversos santos, con propósitos variados, entre os que sobrancean a protección do gado perante a acción de certos animais, sinaladamente o LOBO.

O arresponsador -aínda que máis preciso sería falar de falar de arresponsadora, ao ser superior o número de mulleres que exercen este labor, nunha proporción aproximada de dúas a un- é unha persoa a quen os viciños solicitan para que execute o responso, o cal supón que a categoría de arresponsador procede dun consenso social, non asignándoselle este carácter a persoas que arresponsan de maneira esporádica ou cando se achan submetidas a algunha condición adversa. Dita solicitude procede do prestixio atinxido pola persoa que arresponsa, prestixio que, pola súa parte, alicerza no feito de a comunidade saber que dita persoa treina con regularidade no responso, como ocorre con campesiños que arresponsan rigorosamente tres veces por día. Ademais, o arresponsador debe posuír, capacitación, habelencia, unha facultade de seu indefinida ou, como se subliña reiteradamente, *ter mao*, para desenvolver dito responso e debe pronunciar a súa alocución sen cometer erro, xa que, neste caso, o responso perde toda a eficacia que puidese render, o cal lembra as normas que acompañan as leituras de certos libros empregados en desenfeitizamentos. En xeral, os arresponsadores son xente idosa e unha certa proporción deles -non precisamente baixa- presentan un perfil de persoas moi relixiosas ou con certas características de MEIGA ou menciñeira, como o proba o feito de existiren arresponsadoras que, para alén da súa propia función, son expertas en coutar as lombrigas infantís ou en coñeceren certos aspectos que teñen a ver co DEMO ou o TRASNO. É preciso salientar, embora, que esa capacidade dos arresponsadores vinculada á idade vén diminuída, ás veces, polo feito da perda de cualidades que a propia vellez acostuma xerar.

A adquisición de tal práctica xérase, habitualmente, aprendendo de familiares de maior idade -nais, avoas- que, elas mesmas, arresponsan. Esta experiencia acumulada e practicada con teimosía é, probabelmente, a que fai posíbel que o arresponsador, ao rematar as súas palabras saiba, con precisión, se o responso findou en éxito ou fracaso.

É interesante, para finalizar, por en destaque o feito da existencia do que poderíamos chamar o anti-arresponsador. Con efecto, un testemuño procedente da bisbarra de Cervantes mostra o poder da invexa que un mozo é capaz de exercer sobre un vilego que, na taberna, mostra a súa preocupación polo desaparecemento do cabalo do que é propietario. O primeiro enuncia o responso dos beados e, ao día seguinte, o cabalo aparece morto e comesto polos lobos.

Lisón (1974: 125-86)

ARTUR, REI

Persoaxe mítico, protagonista do conxunto de lendas e asuntos literarios coñecido polo nome de materia de Bretaña ou ciclo artúrico que abranxen figuras tan coñecidas como a raíña Xenebra, Lanzarote, Perceval ou Merlín, cun conxunto plural de aventuras entre as que se conta a da procura do santo GRIAL, que conduce a aventura ás terras do Cebreiro, ou elementos que atinxen ás chairas da Limia. O significado do seu nome fai referencia á persoa que posúe a fasquía dun urso.

Aínda que Artur foi un personaxe histórico, fillo de Uther Pendragon e Igraine, a súa figura real non pasou de ser a dun humilde nobre que -como no caso do Cid español- a lenda ergueu a categoría lendaria. Embora viver no século VI, a lenda comeza o seu proceso de espallamento, da man de Chrétien de Troyes e de historiadores, a partir do século XII, desde a Cornualla que o veu nacer até os demais países celtas e, finalmente, a toda Europa.

A morte de Artur, segundo o devandito corpus lendario, prodúcese na batalla de Camlann, desenvolvida nas chairas de Salisbury por volta do ano 540. Alí, o rei verase na obriga de ter que combater contra Mordred que se supón que era, ao mesmo tempo, o seu fillo e sobriño. Para tentar adiar o combate, ou mesmo suspendelo, levan a cabo un longo parlamento no campo de batalla. Xa que ningún deles se fía do outro, fica estipulado que, se alguén pertencente a calquera dos dous bandos, desenvaíña a espada, o confronto comezará decontado. Obedecendo a un destino que semella inexorábel, un cabaleiro tira a súa espada para matar unha cobra. Este vai ser o signo fortuíto e fatal que sinala o inicio da batalla. A loita é encarnizada e nela Artur mata a Mordred e este fire de morte o rei.

Á mañá seguinte Artur, xa moribundo, ordena a Girflete que se dirixa a un outeiro que sobrancea un lago e guinde a súa espada Excalibur. Cando o cabaleiro obedece, unha man sae do lago e recolle a espada. Acena tres ou catro veces e, a seguir, mergúllase definitivamente nas augas. Artur ordena a Girflete marchar. Este, na lonxura, olla unha nave na que veñen fadas, entre elas Morgana, a irmá do rei, chamada noutros contextos Morgan le Fay e Morgan the Fairy, que traballa con ungüentos, muda de aparencia, fai entrar en ignición obxectos corriqueiros e, en definitiva, presenta todas as características dunha MEIGA. Artur, seguido do seu cabalo, embarca na nave e o navío emprende a marcha desaparecendo finalmente. Na súa campa, en Glastonbury, un epitafio sentencia: "Aquí xace Artur, rei que foi, rei que será". Como nos mitos que fan referencia a don Sebastião, ou a Al-Muntazar, elemento sobranceiro das crenzas xiítas, suponse que Artur non faleceu e que algún día tornará a reinar. Até que chegue este momento, Artur fica nun estado abalante entre a vida e a morte na mítica illa de Avalon.

Un segundo bloco lendario, que establece conexión coa materia de Bretaña, quere facer participar dos feitos acontecidos na lagoa de Antela ao rei Artur. O relato, que se cadra chega ao noso país polo camiño das peregrinaxes a Compostela, xa que se teñen noticia dela xa nos comezos do século XVI, narra que os insectos que esvoazan por riba da lagoa, e que, ao lles dar o sol, escintilan como se fosen de natureza metálica, non son tales, senón o exército enfeitizado do rei Artur que, o mesmo que o monarca, permanece naquel lugar da Limia agardando o desencantamento. A cidade ten por nome Beón e contén no seu interior a CIDADE MERGULLADA de ANTIOQUÍA. Ese mesmo exército de Artur é o encargado de protexer un longo corredor, ateigado de TESOUROS, que leva dende a Torre da Pena á de Sandiás, tema no que se perciben as crenzas populares relacionadas con tesouros, propiedade de MOUROS, soterrados baixo CASTROS.

Outra liña da lenda abofella que o exército agarda a volta de Artur dende a afastada illa de Avalon. Certos autores opinan que este relato, coa súa referencia a un exército de mortos agardando, se presenta enchoupado do mito galego da COMPAÑA. Un poema que se alicerza nos tempos medievais dá por certo que o exército de Artur estaba composto por 183.000 cabaleiros, cos cales emprendeu a conquista de Xerusalén e que son os que aínda hoxe se achan na viciñanza do que foi a lagoa limiá.

Anónimo (1981: 179-195); Cotterell (1990: 62); Hubert (2005: 581-2); Murguía (1982, 1: 38); Teijeiro Rey (2002: 151-5)

ASADURAS

v. DOENZAS IMAXINARIAS

AUGA

Composto químico fundamento de calquera actividade biolóxica e cun papel fulcrado no pensamento mítico.

Practicamente en todas as culturas a auga, ou as augas, desempeñan unha función significativa como elemento primordial e orixe da vida. Os chineses aseguran que todo o que vive vén da auga, en canto os hindús afirman nos Vedas que o nome das augas (mâtritamâh) significa "as máis maternas" e os babilonios considerárona a casa da sabiduría, ao tempo que representaban cun corpo híbrido de humano e peixe a Oannes, o ser que revelou a cultura ao xénero humano, nunha especie de duplicado do Prometeu occidental. Xunto co Ar, Lume e Terra, supónse a auga un dos piares sobre os que alicerza o Universo.

Mais, para alén deste carácter xerador de vida, as augas mostran unha face destrutiva e esmagadora. Ao carón do seu comportamento como elementos fecundativos da Natureza,

produtores de proveito e purificadores, mostran a face violenta en forma de alagamentos, treboadas ou saraivas que destrúen as mesmas colleitas que elas propias posibilitaron. Por todas estas circunstancias, a consideración que merecen as augas é ambigua, aínda que, en todo caso, as súas diferentes presentacións se teñen por sagradas, quer no seu aspecto maligno, quer no benfacexo. Ríos, mananciais, FONTES ou océanos son algúns exemplos de lugares que acollen -ou mesmo se constitúen en forma de- innúmeros deuses e divindades de orixe acuática. En Alemaña existe un espírito hídrico chamado Hakemann que, provido dun gancho (literalmente Hakemann significa 'o home do gancho') leva á xente ao interior das augas. En Escandinavia un diaño feminino chamado Siöra, portando unha REDE, captura os homes para despois devoralos.

Os cultos realizados na Galiza sobre as augas son antigos, como o proba o feito de que xa no século VI San Martiño de Dumio daba conta das oferendas de pan e viño que se facían naquel tempo a fontes, costume que pervive aínda hoxe en TEIXIDO, na fonte do santo, porque, en grande medida, se ten por certo que nas augas moran entes protectores ou perigosos que nuns casos cómpre satisfacer e noutros apaciguar.

No noso País vese con claridade a consideración dual das augas á que nos referimos. Por unha parte, o seu carácter inquietante sinálano os seres fabulosos que poboan as beiras dos ríos, os pozos ou as viciñanzas dos mananciais e fontes. Entes que levan os nomes de donas, MOURAS, XACIOS ou MARIÑOS. Nas alturas, en relación coa auga das treboadas moran nubeiros, escoleres e TRONANTES. Algunhas lendas poñen énfase nese carácter devastador e case cego das augas; a que relata a orixe mítica do río EUME constitúe un exemplo.

Mais son igualmente certos os aspectos benignos por parte das augas. Existe a crenza de que certas chuvas, por procederen do ceu, presentan natureza sagrada, alén de fecundante. De feito acredítase que as grosas pingueiras que as treboadas de verán deitan sobre a terra fan que esta fique inzada de sapos. As augas posúen diferentes propiedades curativas, quer de males naturais, quer de doenzas de xorne misterioso. Ás veces, a simple ollada dirixida ás augas é de natureza benfeitora. Neste sentido cómpre sinalar que ver a roda dun muiño en canto moe, ou o fluír dun río ou regato, son bos remedios para curar a tose ferina. Igualmente, xa no medievo, as augas considerábanse elementos eficaces para sandar a sarna.

O carácter animado, e dual, das augas ponse de relevo na crenza que estipula que se se beben despois das doce da noite poden xerar doenzas, pois dende esta hora a auga está durmida. Pola contra as que se inxeren pouco antes do abrente, coa condición de seren recollidas en sete fontes, presentan carácter benfeitor, alongando a vida e sendo inmellorabeis para a levedaxe do pan. Nesta crenza aparece, ademais, o carácter máxico do número sete. As mellores augas, así e todo, son as que se recollen antes do abrente do día de San Xoán, as chamadas flor de auga, ou flor de auga fría, como testemuña o seguinte poema en verso romance:

*Madrugada de San Xoán, madrugada a máis garrida
Que baila o sol cando nace e ri cando morre o día.
¿Onde vai Nosa Señora, onde vai Santa María?
Vai cara á banda do mar, vai cara á banda da ría.
¿Qué diz a Virxe, que diz, qué dice Santa María?
¿Cal será a meniña, cal, que colla a fror d'auga fría?
Non será dama, nin deuda, que será a princesa Aldina,
A princesa namorada, filla do rei de Galicia.
Non hai outra coma ela, tan feitiña e tan bonita
C'aqueles seus ollos craros, do color d'auga da ría.
Só ti Aldina serás, quen leve a fror d'auga fría;
Érguete do leito nena, ven cara á banda do mar
Qu'unque ti soíña veñas tornarás en compañía.
Na torre do real palacio, anque inda está lonxe o día
Móvense os liños dun leito, algunha xente s'erguía.
E a princesa ¡dio-la garde! era a moi garrida Aldina
Que vai día de San Xoán catar a fror d'auga fría.*

Prodúcense ditas augas apañando pequenas pólas de carballo ou xesta que se deitarán nunha xerra ou sella con auga. O líquido así obtido, segundo a crenza popular, posúe a

característica de escorrentar os entes daniños como o DEMO, as MEIGAS ou o TRASNO, acreditándose tamén na súa capacidade de facer que o pan levede. Outras informacións, consonte o romance anterior, supoñen que a fror de auga fría obtense mediante o baño no mar e a recepción das nove ondas.

Dependendo do lugar no que se achen as augas veñen connotadas por certas características. Así, as procedentes de fontes, como se sinalou, asociaríanse con seres fabulosos, ou -as situadas perto de santuarios- acostuman render a posibilidade de curacións marabillosas, en canto as do mar, para alén do seu carácter sagrado, se consideraron produtivas para sandar a raiba ou para levar a cabo cerimonias de natureza fecundativa, das que é un bon exemplo o BAÑO DAS NOVE ONDAS. Este carácter curativo non se acha presente nas augas das lagoas que atesouran, porén, un conxunto de mitos ao redor das CIDADES MERGULLADAS nelas. Pola súa parte as procedentes da chuva poden chegar a adquirir certas propiedades, dependendo do lugar no que asenten. Xustamente esta característica de adquisición de propiedades en función do lugar no que se achen adquire relevancia en lugares como o SARTEGO de Trasmonte. Como aconteceu noutros moitos casos, o proceso de cristianización de antigos ritos tamén operou no caso das crenzas e mitos relativos ás augas. Non é por iso infrecuente a copresenza no país dun santuario e unha fonte adxacente. Nese espazo, que se podería chamar sacro-profano, conviven, ao redor das augas, antigas prácticas paganas misturadas con rituais propios do cerimonial cristián.

Bouza-Brey (1973); Cirlot (1985: 54) González Pérez (1997: 42-3); Murguía (1982, 1: 166-9); Rodríguez González (1958: 278); Rodríguez González (1960: 381); www.galiciaencantada.com

AUGAS SANTAS

Denominación que remite á existencia de mananciais santificados. En xeral, tal feito encobre un intento de cristianización, por parte da Igrexa, dun lugar suxeito anteriormente a un culto pagán.

Probabelmente o punto de maior tradición dos que acollen esta designación sexa o que pertence á freguesía do mesmo nome, situada no concello de Allariz. Neste lugar existe unha igrexa románica que a tradición supón que naceu a partir do sepulcro de santa MARIÑA, aínda que se acredita no feito de que xa, desde o século IV, existiu un pequeno lugar de culto que, con posterioridade, pertenceu a freires bieitos, agostiños ou mesmo os cabaleiros Templarios. Nesta igrexa áchase a campa de Mariña, así como o chamado camarín, onde se colocaban bolsas de terra milagreira e diferentes exvotos. Existen dúas tallas da santa, e máis un lenzo que representa o marteiro da santa. As tres obras son do século XVII. No lugar de Armea, situado ao pé dun castro e a escasa distancia da igrexa de Augas Santas, existe unha construción coñecida como o *forno da santa*, enraizado na tradición dos chamados FORNOS DE SANTOS. A contorna posúe unha serie de características que dan pé para definir a área como pertencente a un espazo máxico.

Ao carón da igrexa de Augas Santas existen tres FONTES que, segundo a crenza popular, posúen extraordinarias capacidades: a primeira ten sempre auga preta, cura doenzas de ouvidos e coñécese polo nome das Augas Negras. A segunda é a fonte que está no interior da capela de san Tomé, ao pé do camposanto, que é onde lle cortaron, segundo algunhas versións, a cabeza a Mariña. Ao cabo, a terceira é a fonte pública.

Participando igualmente do entorno lendario, existe o carballo da santa, do que se dá por certo que nunca se podou, xa que se se ferise con ferro botaría sangue. Fóra de Augas Santas, na viciña parroquia de Piñeira de Arcos, no concello de Sandiás, existe a capela de Santa Mariña, situada nunha finca que, segundo a tradición, pertencía á súa nai adoptiva, Ana. No lugar de Vacariza áchase igualmente unha pedra con signos esculpidos e dúas argolas de ferro; A *Santa de Pedra*, así como, no lugar de Moredo, a 2 quilómetros de Augas Santas, pódese ollar unha pedra que ten o feitío dunha enorme orella e sobre a que se colocou, a mediados do século XVIII (1740) unha imaxe en pedra de santa Mariña e do que a tradición di que a auga que contén é milagreira para doenzas do oído, o mesmo que San Fins, en Arbo.

Certos elementos e coincidencias da lenda de santa Mariña fan supor un culto florecente e antigo, así como unha notábel teima cristianizadora por parte da Igrexa católica, no seu anxeio por atuír un pasado pagán. Neste sentido téñense establecido coincidencias entre Mariña e santa Margarida, xa que no ano 886 o mosteiro de San Salvador de Lérez, en Pontevedra, se

dedicou a santa Mariña. Alén diso, tamén existen superposicións entre as figuras de Margarida e Mariña, xa que a primeira, estando no cárcere, aparéceselle un dragón, que esvaece cando a santa fai o sinal da cruz, circunstancia que se repite no caso de Mariña. Igualmente, santa Margarida de Antioquía sofre marteiro por non acceder aos desexos dun prefecto romano que ten igualmente de nome Olibrio. Pegadas dese antigo culto albíscanse igualmente na existencia de pedras, fontes e árbores dotados, como se viu, de poderes máxicos e mesmo da procesión que se leva a cabo até o devandito Outeiro do Pendón, que, como se sinalou, é un castro. De feito, no castro de Armea existen lendas referidas a MOUROS, como a que proclama que nos tempos de Zeudio, ou mesmo antes, había un mouro que albiscaba dende un penedo a chegada de romanos. Se tal cousa acontecía, o mouro tocaba a súa trompeta. No penedo, que é oco no seu interior, existen riquezas, aínda que se alguén tentara collelas estouparía toda a parroquia de Santa Mariña de Augas Santas, o cal remite a lendas do tipo da TRABE de ouro.

No concello de Cotobade, vinculado tamén á tradición das *augas santas* existe unha lenda que asegura que hai moitos séculos, só había unha igrexa na que escoitar a misa, que era a que se achaba na parroquia de Caroi. A lenda asegura que o aviso da misa levábase a cabo, nos días de néboa, por medio dunha buguina e nos de visibilidade ampla por unha bandeira que se vía de lonxe. Un domingo, unha vella cega, natural do lugar d'As Boliñas, xustamente na parroquia de Augas Santas, en Cotobade, ía escoitar misa e, ao pasar cabo dunha fonte que se achaba neste lugar, díxolle ao rapaz que lle servía de guía que a achegase a ela. Achegouse e lavou a face e, de súpeto, cando o líquido lle deu nos ollos, recobrou a vista. Arrastrada por unha forza interior innomeábel, comezou a camiñar e atopou entre o mato, despois de percorrer un treito, a estatua dunha virxe que lle falou, dicíndolle que desexaba que se construíse naquel lugar unha igrexa onde se lle rendese culto. Así o fixeron, dise, os frades de Tenorio. O manancial ninxe debaixo do altar maior, dirixíndose, subterraneamente, até a fonte. A construción desta é de data de 1888. A narración empata coas lendas que falan de aparicións de imaxes da Virxe ou de santos, semellante a casos como os da FRANQUEIRA e outros, entre os que cómpre destacar o da FONTE DE SAN VICENZO en Rois.

Tamén na freguesía de Rececende, no concello d'A Pontenova, existiu unha cova que posuía a mesma denominación d'As Augas Santas, onde se levaba a cabo a curación de crianzas e na que existía unha efíxie de san Xoán. Nesa cova refuxiáranse os naturais da zona cando a rexión fora invadida polos mouros. A tradición sinala igualmente que os paisanos tentaran construír unha igrexa nun lugar chamado as Penas do Bulleiro, motivo polo cal trasladaron a imaxe a aquel lugar, mais esta, como ocorre noutros relatos populares, voltaba sen que ninguén a trouxese, en clara demostración das súas preferencias polo lugar de erguemento da capela. Os familiares adultos levaban alí os doentes, mexéndoo sobre a lama. Ao tempo, levaban unha vela. Se a vela esmorecía até apagarse, era sinal que igualmente apagaría a vida da crianza. Se, ás avesas, a vela ficaba acesa, considerábase que a curación ficaba garantida.

Carnero (2004: 41); Chao Espina (1981: 32); Fraguas (1988: 285-86); González Pérez (1993: 53); Rielo (1974a); Vázquez-Monxardín (1994: 294)

AUREANA

Tamén chamada oureana, ana ou loureana. Muller que recolle areas de ouro -de aí deriva o nome- nos ríos MIÑO ou Sil e que certos autores consideran a poetización lendaria dos ditos ríos, nomeadamente o Sil. Rodéanse de misterio, sendo definidas por certos autores como aureanas feiticeiras.

A segunda acepción considera as aureanas seres femininos que -probabelmente representativos da fertilidade- adoitan aparecer en mananciais ou correntes de auga exercendo o labor de gardadoras de tesouros, parenteadas, por tanto, coa SERPE e a MOURA e manifestándose baixo formas encantadas.

As formas de desencantamento, baseadas na entrega de moletes de pan ou queixo, que poden chegar a botar sangue, e na pronuncia de frases rituais, aparecen ben definidas en lendas como as do castro Pedro, a de ANA MANANA, ou as da FONTE PORMAS ou POZO BASTÓN, así como os aspectos de vinganza que o incumprimento do ritual leva aparelado. Ás veces, este nome xenérico de aureanas pode ser substituído por nomes propios que conteñen xeralmente o sufixo -ana, como mostran os exemplos fartamente coñecidos de Ana, Loureana, Viviana ou Xoana. Tampouco non é infrecuente que a individualidade se vexa trocada pola presenza de tres

aureanas, o cal suxire a posibilidade dunha trindade das augas. Apresentan tamén certas analoxías con outros personaxes do corpus mitolóxico galego como BRANCAFLOR, que é propietaria de tres cabalos enfeitizados e compón un conxunto de tres irmás. Ten interese mesmo reflectir no feito de que certas interpretacións dalgunhas lendas aseguran que santa MARIÑA de Augas Santas era filla dun mouro e a muller que a coida na súa infancia ten de nome Ana.

A lenda que se refire a mulleres encantadas e ao nome de Ana á que se acaba de facer referencia e que se localiza no castro Pedro, na parroquia de Folladela, en Melide, exemplifica a frustración de expectativas de desencantamento xerada pola curiosidade. Un home, di a lenda, cae prisioneiro da mourisca en terras de Castela. Un día pronuncia o nome do castro Pedro e un mouro dálle conta do ENCANTO que alí existe. Seguindo o fío habitual deste tipo de narracións, o mouro dálle tres moletes, esíxelle que os manteña intactos e que, ao chegar ao castro Pedro, debe coller un tras doutro, sucesivamente, e tiralos no medio do terreo, pronunciando cada vez a frase ritual *Aureana, Aureana, toma o bolo que che dá a túa Ana*. Ao chegar ao fogar, a súa muller, comesta pola curiosidade, pergúntalle que trae agachado no saco e, aínda que o home se nega a respostar, ela acaba por apañar os moletes e mesmo por comerlle un anaco a un deles. Cando -chegado ao castro Pedro- o home tira o primeiro molete, sae unha bela moza, montada nunha mula, que foxe. Igual acontece coa segunda. A terceira sae montada nunha mula coxa, polo cal non pode fuxir, motivo polo que rifa co home por ter deixado comer o pan e, tamén, por tirar o molete comesto en último lugar xa que, de facelo antes, as súas compañeiras teríana levado na súa mula. O relato, como o da Fonte Pormás, en Arzúa, remata dándolle ao mozo unha fita dourada, de agasallo para a súa muller. O home desconfía e ata a fita ao redor dunha árbore que arde decontado. A muller vese condenada a morar indefinidamente no castro Pedro e da súa existencia, así como da súa coxeira, téñense noticias indirectas. Sábese, por exemplo, que un home lle leva periodicamente alimentos e prendas para se vestir, recibendo, en troca, abastadas cantidades de diñeiro.

Lamas Carvajal (1877: 177); Rodríguez González, E. (1958: 282); Seminario de Estudos Galegos (1978: 77-9); Teijeiro Rey (2002: 33; 189-205)